

# DIOCESE DE OURENSE



## ORACIONAL LITÚRXICO E DEVOCIONAL

PARA USO PRIVADO • NA DIOCESE DE OURENSE



# DIOCESE DE OURENSE

ORACIONAL LITÚRXICO E DEVOCIONAL

© DIOCESE DE OURENSE. ORACIONAL LITÚRXICO E DEVOCIONAL

© Bispado de Ourense

Edita: Teófilo Edicións

Deseño e maquetaxe: Teófilo Comunicación | [www.teofilocomunicacion.com](http://www.teofilocomunicacion.com)

Depósito Legal: PO 64-2021

ISBN: 978-84-123402-6-6

PARA USO PRIVADO • NA DIOCESE DE OURENSE



## LIMIAR

O camiño sinodal que a Igrexa iniciou en Ourense en 2016, permitiu, nas súas diversas fases de grupos e asembleas, coñecer e reflexionar sobre as dificultades, ilusións, proxectos e, sobre todo, as luces e esperanzas da nosa xente, das nosas comunidades e parroquias. A irrupción inesperada da Covid-19 supuxo un paro nestes encontros enriquecedores, dos que xurdiron unha serie de proposicións e orientacións para facer da nosa Igrexa unha comunidade de discípulos misioneiros. Entre elas, expúñase a necesaria potenciación do galego na vida e na celebración da Igrexa en Ourense.

Un froito significativo do Concilio Pastoral de Galicia, en concreto, o Documento 3º, *A liturxia renovada na pastoral da Igrexa*, foi un momento de singular importancia para a acollida do galego na vida da Igrexa e na súa liturxia; proba diso foi a tradución da Biblia e a edición dos libros litúrxicos: o misal, cuxa reedición é un proxecto no que estamos comprometidos nestes momentos; os leccionarios e o diurnal, e os rituais dos sacramentos. Así, faise realidade para a Igrexa en Galicia o que nos lembra o Concilio Vaticano II: «a liturxia é o cumio ao cal tende a actividade da Igrexa e ao mesmo tempo a fonte de onde mana toda a súa forza» (SC 10), sen esquecer que esta non esgota toda a expresión da vida espiritual e pastoral do Pobo de Deus.

Ao longo destes meses de pandemia, e de maneira especial durante o confinamento, descubrimos o valor que ten o fogar como «igrexia doméstica». A oración en familia configurou a alma dos galegos, de maneira especial no mundo rural: moitas oracións aprendidas na escola e na catequese transmitíronse con devoción e piedade a fillos e netos. Hoxe as circunstancias cambiaron tanto que nos vemos urxidos a deixarnos levar pola forza e o dinamismo da piedade que, cando é auténtica, é sempre creadora. Tendo en conta as circunstancias nas que a Providencia nos situou, atendendo aos desexos de moitos fieis e acollendo un dos obxectivos da Programación Diocesana 2020-2021, que, por outra banda, é reiterativo, encomendeilles ás vigairías para a Pastoral e para a Nova Evanxelización que, xunto cos seus colaboradores, se desen os pasos oportunos para a publicación do **Oracional da Igrexa en Ourense**. O libro que temos nas nosas mans foi elaborado con moito coidado e atención, seguindo as pautas doutros devocionarios e, evidentemente, do *Diurnal* en galego. Cremos que,

a pesar dos esforzos realizados, hai moitos fieis que non coñecen as oracións máis comúns e sinxelas do cristián na nosa lingua materna. Neste libro de oración atoparemos o soporte necesario, non só para poder rezar en común parte da Liturxia das Horas cando nos xuntemos con motivo dalgunha reunión, senón tamén as oracións de sempre que configuran a nosa devoción persoal e comunitaria.

Incorpórase o exercicio do viacrucis, o rosario e un modelo de oración polos defuntos que podemos empregar tanto nas nosas visitas ao tanatorio, creando neses lugares un ámbito de encontro e oración, coma nas visitas ao cemiterio para, dende a lembranza esperanzada, encomendar os nosos familiares e amigos defuntos á misericordia de Deus.

Ofrecémosvos tamén un pequeno bendicional que se poderá utilizar nos distintos momentos da nosa vida. É de bos cristiáns dicir « cousas boas », bendicir os demais. Por iso, é moi importante invocar a protección do Señor, a través da oración da Igrexa, para bendicir as persoas, e tamén as demais criaturas e realidades da acción humana que forman parte deste mundo, obra do amor misericordioso de Deus. Aprendamos a dicir cousas boas de todos e de todo, e procuremos non perder ese fermoso costume dos nosos maiores que suplicaban da Igrexa unha bendición especial sobre eles mesmos, sobre a súa familia e sobre todo o que os rodeaba e usaban para gloria de Deus.

Ao final deste Oracional ofrecémosvos, de acordo co pensar da Igrexa, o rito de exposición, adoración e bendición co Santísimo Sacramento. Se a Eucaristía é fonte e cumio da vida e misión da Igrexa, esta non pode quedar reducida á misa dominical e festiva. A adoración eucarística permite unha acollida profunda e verdadeira do misterio de amor e entrega de Xesucristo celebrado en cada eucaristía e permítenos vivilo con maior froito e compromiso.

Que santa María Nai e o señor San Martiño, así como os beatos e santos da nosa Igrexa en Ourense, que foron mestres de oración e testemuñas dunha auténtica vida cristiá, fagan deste Oracional un instrumento que nos axude a vivir con ilusión e esperanza o noso camiño á santidad.

Con afecto, bendícevos e encoméndase ás vosas oracións,

✠ J. LEONARDO LEMOS MONTANET

Bispo de Ourense

## SUMARIO

|                                         |       |
|-----------------------------------------|-------|
| LITURXIA DAS HORAS.....                 | p. 11 |
| ORACIONAL.....                          | p. 49 |
| BENDICIONAL.....                        | p. 85 |
| EXPOSICIÓN E ADORACIÓN EUCARÍSTICA..... | p. 99 |



## LAUDES

**V.** Deus, ven axiña librar-me.

**R.** Dáte présa, Señor, en socorrer-me.

Gloria ao Pai e ao Fillo e ao Espírito Santo. Como era no principio, agora e sempre, eternamente. Amén. (Aleluia.)

### HIMNO

Bendito ti, Xesús resucitado,  
coas feridas da lanza e mais os cravos.  
Bendito, para sempre, ti es loado.  
Bendito ti, Xesús resucitado.

Bendito no aire fresco da mañá  
e no cantar do paxaro ao espertar.  
Bendito na auga fresca e rebuldeira  
que lles dá vida aos prados e ás leiras.

Bendito sexas na terra que agradece  
o duro traballar coa súa anada,  
bendito na esperanza que se esforza  
por chegar a outra terra mellorada.

### SALMODIA

#### Antífona 1

**Tempo de Advento:** Naquel día, os montes destilarán dozura, e os outeiros zumegarán leite e mel. Aleluia.

**Tempo de Nadal:** Brilla para o xusto unha luz nas tebras, porque naceu o Salvador de todos os homes. Aleluia.

**Tempo de Coresma:** Toda a miña vida te bendigo e levanto no teu nome as miñas mans.



**Tempo Pascual:** Se algún ten sede que veña onda min e beba a auga viva. Aleluia.

**Tempo ordinario:** Meu Deus, por ti madrugo, para ver o teu poder e a túa gloria. Aleluia.

**Salmo 62, 2-9**

*Da alma con saudade de Deus*

*Madruga por Deus quen rexeita  
as obras das tebras*

Deus, o meu Deus es ti, por ti madrugo,  
de ti ten sede a miña alma.  
Por ti devece o meu corpo,  
coma terra resaca, sedenta, sen auga.

Miro cara a ti no santuario,  
para ver o teu poder e a túa gloria.  
A túa misericordia é preciosa máis cá vida,  
lóante os meus labios.

Toda a miña vida hei bendicirte  
levantando no teu nome as miñas mans.  
Coma da graxa e manteiga, hei quedar satisfeito,  
han loarte xubilosos os meus labios.

No leito lémbrome de ti,  
nas vixilias da noite penso en ti.  
Ti es o meu auxilio,  
á sombra das túas ás estou contento.

A miña alma está unida a ti,  
abrigoume a túa destra.

Gloria ao Pai e ao Fillo e ao Espírito Santo.  
Como era no principio, agora e sempre, eternamente. Amén. (Aleluia.)

**Tempo de Advento:** Naquel día, os montes destilarán dozura, e os outeiros zumegarán leite e mel. Aleluia.

**Tempo de Nadal:** Brilla para o xusto unha luz nas tebras, porque naceu o Salvador de todos os homes. Aleluia.

**Tempo de Coresma:** Toda a miña vida te bendigo e levanto no teu nome as miñas mans.

**Tempo Pascual:** Se algún ten sede que veña onda min e beba a auga viva. Aleluia.

**Tempo ordinario:** Meu Deus, por ti madrugo, para ver o teu poder e a túa gloria. Aleluia.

**Antífona 2**

**Tempo de Advento:** Os montes e os outeiros estalarán de xúbilo e todas as árbores do campo baterán as palmas, pois vén o Señor e reinará eternamente. Aleluia.

**Tempo de Nadal:** Cantémoslle ao Señor, noso Deus. Aleluia.

**Tempo de Coresma:** Loade e exaltade a Deus para sempre.

**Tempo Pascual:** Adorade o Señor que fixo o ceo e a terra, o mar e as fontes de auga. Aleluia.

**Tempo ordinario:** Os tres mozos, ao unísono, cantábanlle a Deus no forno: “Bendito es Ti, Señor”. Aleluia.

**Cántico Dn 3, 57-88. 56**

*Que a creación enteira loe o Señor*

*¡Loade o noso Deus, todos os  
seus servidores! (Ap 19, 5)*

Obras todas do Señor, bendicide o Señor;  
enxalzádeo con loanzas por sempre.

Anxos do Señor, bendicide o Señor;  
ceos, bendicide o Señor.

Augas do firmamento, bendicide o Señor;  
exércitos todos do Señor, bendicide o Señor.

Sol e lúa, bendicide o Señor;  
estrelas do ceo, bendicide o Señor.

Chuvias o orballos, bendicide o Señor;  
ventos todos, bendicide o Señor.

Lume e calor, bendicide o Señor;  
friaxe e quentura, bendicide o Señor.

Orballos e nevadas, bendicide o Señor;  
xeo e frío, bendicide o Señor.

Xeadas e neves, bendicide o Señor;  
noites e días, bendicide o Señor.

Luz e tebras, bendicide o Señor;  
lóstregos e nubes, bendicide o Señor.

Que a terra bendiga o Señor;  
enxalzádeo con loanzas por sempre.

Montes e outeiros, bendicide o Señor;  
todas as plantas da terra, bendicide ao Señor.

Fontes, bendicide o Señor;  
mares e ríos, bendicide o Señor.

Cetáceos e canto se move nas augas, bendicide o Señor;  
todas as aves do ceo, bendicide o Señor.

Feras e gando, bendicide o Señor;  
enxalzádeo con loanzas por sempre.

Todos as homes, bendicide o Señor;  
que Israel bendiga o Señor.

Sacerdotes do Señor, bendicide o Señor;  
servos do Señor, bendicide o Señor.

Espíritos e almas dos xustos, bendicide o Señor;  
santos e humildes de corazón, bendicide o Señor.

Hananías, Azarías e Mixael, bendicide o Señor;  
enxalzádeo con loanzas por sempre.

Bendigamos o Pai e o Fillo e o Espírito Santo;  
enxalzádeos con loanzas por sempre.

Bendito es ti, Señor, no firmamento do ceo,  
digno de gloria e loanza por sempre.

**Na fin deste cántico non se di Gloria ao Pai.**

**Tempo de Advento:** Os montes e os outeiros estalarán de xúbilo e todas as árbores do campo baterán as palmas, pois vén o Señor e reinará eternamente. Aleluia.

**Tempo de Nadal:** Cantémoslle ao Señor, noso Deus. Aleluia.

**Tempo de Coresma:** Loade e exaltade a Deus para sempre.

**Tempo Pascual:** Adorade o Señor que fixo o ceo e a terra, o mar e as fontes de auga. Aleluia.

**Tempo ordinario:** Os tres mozos, ao unísono, cantábanlle a Deus no forno: «Bendito es Ti, Señor». Aleluia.

### Antífona 3

**Tempo de Advento:** Virá o gran profeta e renovará Xerusalén. Aleluia.

**Tempo de Nadal:** O pobo que andaba nas tebras viu unha luz grande.

**Tempo de Coresma:** O Señor ama o seu pobo e adorna os humildes coa vitoria.

**Tempo Pascual:** Exulten os xustos no triunfo do Señor.

**Tempo ordinario:** Que os fillos de Sión relouquen co seu rei. Aleluia.

### Salmo 149

#### *A ledicia dos santos*

*Os fillos da Igrexa, o novo pobo de Deus, alégrense no seu Rei, en Cristo Señor (Hesiquio)*

Cantádelle ao Señor un cántico novo,  
loádeo na asemblea dos xustos.  
Alégrese Israel no seu creador,  
e os fillos de Sión no seu rei.

Festexen coa danza o seu nome,  
cántenlle con pandeiros e arpas,  
porque o Señor ama o seu pobo,  
e coroa os humildes coa vitoria.

Exulten os xustos no triunfo,  
e canten xubilosos nos seus postos,  
coa loanza de Deus nas gargantas,  
e a espada de dobre fío na súa man.

Farán vinganza entre as xentes  
e escarmentos nas nacións;  
prenderán con cadeas os seus reis,  
e os seus nobres con cepos de ferro.

Cumprir neles a sentenza ditada  
será un honor para todos os seus fieis.

Gloria ao Pai e ao Fillo e ao Espírito Santo.  
Como era no principio, agora e sempre, eternamente. Amén. (Aleluia.)

**Tempo de Advento:** Virá o gran profeta e renovará Xerusalén. Aleluia.  
**Tempo de Nadal:** O pobo que andaba nas tebras viu unha luz grande.  
**Tempo de Coresma:** O Señor ama o seu pobo e adorna os humildes coa vitoria.  
**Tempo Pascual:** Exulten os xustos no triunfo do Señor.  
**Tempo ordinario:** Que os fillos de Sión relouquen co seu rei. Aleluia.

## LECTURA BREVE

### Tempo de Advento

Rm 13, 11b-12

Xa é hora de que espertedes do sono, pois agora a salvación xa está máis cerca de nós que cando empezamos a crer. A noite vai andada, e o día está a chegar: rexeitemos as obras das tebras e vistamos as armas da luz.

### Tempo de Nadal

Heb 1, 1-2

En moitas ocasións e de moitos xeitos veulles falando Deus en tempos pasados aos nosos devanceiros por medio dos profetas. Agora, neste período definitivo, falounos por medio dun que lle é Fillo, a quen fixo herdeiro de todo, pois xa creara por medio del o mundo e as idades.

### Tempo de Coresma

Neh 8, 9b. 10b

Este día está consagrado ao Señor, o voso Deus. Polo tanto, cesade no voso pranto e non choredes máis. Pois este día está consagrado ao noso Señor. Non sigades tristes, porque o gozo do Señor é a vosa forza.

### Tempo Pascual

Feit 10, 40-43

A este resucitouno Deus ao terceiro día e concedeulle que se deixase ver, non por todo o pobo, senón polas testemuñas escollidas de antemán por Deus: nós que comemos e bebemos con el, logo de que resucitou de entre os mortos. E mandounos que lle predicásenos ao pobo e atestemos que el é quen foi constituído por Deus xuíz de vivos e de mortos. El é de quen todos os profetas dan este testemuño: todos os que crean nel recibirán polo seu nome o perdón dos pecados.

### Tempo ordinario

Ap 7, 10b. 12

A salvación perténcelle ao noso Deus, que senta no trono, e mais ao Año. Amén! A bendición, a gloria, a sabedoría, a acción de grazas, a honra, o poder e mais a forza perténcelle ao noso Deus, polos séculos dos séculos. Amén.

## RESPONSORIO BREVE

**R.** Cristo, Fillo de Deus vivo, \*Ten piedade de nós. Cristo.  
**V.** Ti que estás sentado á dereita do Pai. \*Ten piedade de nós. Gloria ao Pai. Cristo.

## CÁNTICO EVANXÉLICO

### Antífona

**Tempo de Advento:** Decatádevos e erguede ben a cabeza, porque chega o día da vosa liberación.

**Tempo de Nadal:** Gloria a Deus no ceo e na terra paz aos homes que gozan do seu amor. Aleluia.

**Tempo de Coresma:** Marchou Xesús a Galilea a anunciar a Boa Nova de Deus, dicindo: «O tempo está cumprido e chega o reino de Deus, convertédevos e crede na Boa Nova».

**Tempo Pascual:** Ide axiña dicirllas aos discípulos: «O Señor resucitou». Aleluia.

**Tempo ordinario:** O Señor suscitou unha forza de salvación, conforme prometera por boca dos seus santos profetas.

### Benedictus

Lc 1, 68-79

### *O Mesías e o seu Precursor*

Bendito sexa o Señor, o Deus de Israel,  
 porque veu visitar e redimir o seu pobo,  
 suscitando para nós unha forza de salvación  
 na casa de David, o seu servo,  
 conforme prometera desde antigo  
 por boca dos seus santos profetas:

para salvarnos dos nosos inimigos  
 e das mans dos que nos teñen odio;  
 amosando a súa misericordia cos nosos pais,  
 lembrando a súa santa alianza,  
 e o xuramento que lle fixera ao noso pai Abraham:

de concedernos que, sen temor,  
 libres das mans dos nosos inimigos,  
 o sirvamos con santidad e xustiza,  
 na súa presenza, os días todos da nosa vida.

E ti, meniño, vas ser chamado profeta do Altísimo,  
 porque irás por diante do Señor,  
 preparando os seus camiños,  
 anunciándolle ao seu pobo a salvación,  
 o perdón dos pecados.

Pola misericordia entrañable do noso Deus  
 virá visitarnos desde o ceo un Sol nacente,  
 para iluminar os que viven nas tebras  
 e nas sombras da morte,  
 para guiar os nosos pasos  
 polos camiños da paz.

Gloria ao Pai e ao Fillo e ao Espírito Santo.  
 Como era no principio, agora e sempre, eternamente. Amén.

### PRECES

Loemos a Cristo, o Señor, luz que ilumina a humanidade e sol de xustiza que non  
 coñece ocaso, e digámoslle:

*Señor, Ti es a nosa vida e a nosa salvación.*

Deus creador, ao darche grazas por este novo día,  
 › recordamos a túa resurrección.

Que o teu Espírito nos aprenda a vivir hoxe segundo a túa vontade,  
 › e que a túa sabedoría nos conduza sempre.

Que ao celebrar este domingo a Eucaristía, a túa palabra nos encha de ledicia,  
 › e a participación no teu banquete faga medrar en nós a esperanza.

De todo corazón dámosche grazas, Señor,  
 › pola túa inmensa xenerosidade para connosco.

Preguemos agora con Cristo, o Señor, como el nos ensinou: *Noso Pai.*

### Oración

#### Tempo de Advento

Deus todopoderoso, concédelles aos teus fieis a vontade de camiñar ao encontro do  
 Señor, que está para vir, para que merezan ser chamados a entrar no reino de Deus.  
 Por Xesucristo, noso Señor.

#### Tempo de Nadal

Deus todopoderoso, na Palabra feita home ilumínanos unha nova luz. Ela brilla  
 pola fe nos nosos corazóns. Fai que resplandeza en toda a nosa vida. Por Xesucristo,  
 noso Señor.

#### Tempo de Coresma

Deus todopoderoso, celebramos un ano máis o sacramento coresmal. Concédenos  
 que as prácticas coresmais nos leven a comprender mellor o misterio de Xesucristo  
 e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis fiel a ti. Por Xesucristo, noso  
 Señor.

#### Tempo Pascual

Deus, noso Pai, neste día, por medio do teu Fillo, venciches a morte e abríchesnos  
 as portas da vida eterna. Fai que os que celebramos a Pascua da resurrección do  
 Señor sexamos renovados polo teu Espírito para resucitar con Cristo na luz da  
 vida. Por Xesucristo, noso Señor.

#### Tempo ordinario

Deus todopoderoso e eterno, dirixe a nosa vida conforme á túa vontade, para que,  
 no nome do teu Fillo benquerido, poidamos dar froito abundante de boas obras.  
 Por Xesucristo, noso Señor.

### Conclusión

**V.** Que o Señor nos bendiga, nos libre do mal e nos leve cara á vida eterna.

**R.** Amén.

## VÉSPERAS

**V.** Deus, ven axiña librar-me.

**R.** Dáte présa, Señor, en socorrer-me.

Gloria ao Pai e ao Fillo e ao Espírito Santo. Como era no principio, agora e sempre, eternamente. Amén. (Aleluia.)

### HIMNO

Onda ti noso Pai, á tardiña,  
onda ti que nos levas da man,  
axuntámonos para agradecerche  
a ledicia do día que cae.

Como van co pastor as ovellas  
á tardiña durmir ao redil,  
cando a noite cae sobre o mundo  
nas túas mans nós deixámonos ir.

Como xunta a galiña aos pitiños,  
cando á tarde se vai indo o sol,  
á calor das túas alas quentiñas,  
na túa paz nos acollas, Señor.

Onda ti achegámonos cansos  
do traballo do día, Señor,  
o traballo que vai construindo  
nesta terra a cidade do amor.

O universo adormece rendido  
nos teus brazos que o gardan do mal,  
na túa paz nós durmimos tranquilos.  
Boas noites, Pai, ata mañá.

## SALMODIA

### Antífona 1

**Tempo de Advento:** Relouca, filla de Sión; canta, filla de Xerusalén. Aleluia.

**Tempo de Nadal:** Ti es príncipe desde o día do teu nacemento, tes aurora sagrada desde o seo; xereite coma orballo antes da aurora.

**Tempo de Coresma:** Só ao Señor, o teu Deus, adorarás, e só a El lle darás culto.

**Tempo Pascual:** O Señor resucitou e está sentado á dereita do Pai. Aleluia.

**Tempo ordinario:** O Señor estenderá desde Sión o cetro do poder; e ha de reinar por sempre. Aleluia.

### Salmo 109, 1-5. 7

#### *O Mesías, rei e sacerdote*

*¡Cristo ten que reinar ata que  
Deus poña a todos os seus inimigos por  
debaixo dos seus pés! (1Cor 15, 25)*

Palabra do Señor ao meu Señor:

«Senta á miña dereita,  
mentres poño os teus inimigos  
por estrado dos teus pés».

O Señor estenderá desde Sión  
o cetro do poder:  
domina os teus inimigos.

«Ti es príncipe desde o día do teu nacemento,  
tes aura sagrada desde o seo;  
xereite coma orballo antes da aurora».

O Señor xurouno, e non se arrepiante:  
«Ti es sacerdote para sempre  
conforme ao rito de Melquisedec».

O Señor, á túa dereita,  
esmaga os reis no día da súa ira.  
No camiño, beberá do torrente,  
por iso erguerá a cabeza.

### Antífona 1

**Tempo de Advento:** Relouca, filla de Sión; canta, filla de Xerusalén. Aleluia.

**Tempo de Nadal:** Ti es príncipe desde o día do teu nacemento, tes aurora sagrada desde o seo; xereite coma orballo antes da aurora.

**Tempo de Coresma:** Só o Señor, o teu Deus, adorarás, e só a El lle darás culto.

**Tempo Pascual:** O Señor resucitou e está sentado á dereita do Pai. Aleluia.

**Tempo ordinario:** O Señor estenderá desde Sión o cetro do poder; e ha de reinar por sempre. Aleluia.

### Antífona 2

**Tempo de Advento:** Virá o noso Rei, Cristo, o Señor, o Año anunciado por Xoán.

**Tempo de Nadal:** Do Señor vén a misericordia e nel a redención é cumprida.

**Tempo de Coresma:** Agora é tempo favorable, agora é día de salvación.

**Tempo Pascual:** Librounos das poutas das tebras para nos pasar ao reino do seu Fillo benquerido. Aleluia.

**Tempo ordinario:** Na presenza do Señor a terra estremece. Aleluia.

### Salmo 113 A

#### *Israel liberado de Exipto: as marabillas do Éxodo*

*Sabede que tamén vós, os que  
renunciastes a este mundo, saístes  
de Exipto (S. Agostiño)*

Cando Israel saíu de Exipto,  
a familia de Xacob dun pobo estraño,  
foi Xudá o seu santuario,  
Israel o seu dominio.

Viuno o mar e fuxiu,  
o Xordán botouse atrás;  
os montes brincaron coma carneiros,  
e os outeiros coma años.

Que che pasa, mar, para fuxires;  
e a ti, Xordán para te botares atrás?  
Que tedes, montes, para brincardes coma carneiros,  
e vós, outeiros, para brincardes coma años?

Na presenza do Señor a terra estremece,  
na presenza do Deus de Xacob,

que converte o penedo en estanques,  
o pedernal en fontes de auga.

### Antífona 2

**Tempo de Advento:** Virá o noso Rei, Cristo, o Señor, o Añó anunciado por Xoán.  
**Tempo de Nadal:** Do Señor vén a misericordia e nel a redención é cumprida.  
**Tempo de Coresma:** Agora é tempo favorable, agora é día de salvación.  
**Tempo Pascual:** Librounos das poutas das tebras para nos pasar ao reino do seu Fillo benquerido. Aleluia.  
**Tempo ordinario:** Na presenza do Señor a terra estremece. Aleluia.

### Antífona 3

**Tempo de Advento:** Olla que chego axiña e traio comigo a miña paz, di o Señor, para lle pagar a cada un conforme ao seu traballo.  
**Tempo de Nadal:** Ao comezo, antes de todos os tempos, a Palabra era Deus. Hoxe esta Palabra naceu como Salvador do mundo.  
**Tempo de Coresma:** Vede que subimos a Xerusalén e vaise cumprir todo o que está escrito acerca do Fillo do Home.  
**Tempo Pascual:** Aleluia. Reina o Señor, noso Deus, reloucar e deámoslle gloria ao seu nome. Aleluia.  
**Tempo ordinario:** O Señor omnipotente reina en toda a terra. Aleluia.

### Cántico

*As vodas do Añó*

Cf. Ap 19, 1-2. 5-7

Aleluia.  
 A salvación e a gloria e o poder son do noso Deus,  
 (R. Aleluia)  
 porque verdadeiras e xustas son as súas sentenzas.  
 R. Aleluia (aleluia).

Aleluia.  
 Loade o noso Deus todos os seus servos,  
 (R. Aleluia)  
 cantos o temedes, pequenos e grandes.  
 R. Aleluia (aleluia).

Aleluia.  
 Porque reina o Señor, o noso Deus, o omnipotente,  
 (R. Aleluia)  
 alegrémonos e relouquemos e glorifiquémolo.  
 R. Aleluia (aleluia).

Aleluia.  
 Chegaron as vodas do Añó,  
 (R. Aleluia)  
 a súa esposa xa está preparada.  
 R. Aleluia (aleluia).

### Antífona 3

**Tempo de Advento:** Olla que chego axiña e traio comigo a miña paz, di o Señor, para lle pagar a cada un conforme ao seu traballo.  
**Tempo de Nadal:** Ao comezo, antes de todos os tempos, a Palabra era Deus. Hoxe esta Palabra naceu como Salvador do mundo.  
**Tempo de Coresma:** Vede que subimos a Xerusalén e vaise cumprir todo o que está escrito acerca do Fillo do Home.  
**Tempo Pascual:** Aleluia. Reina o Señor, noso Deus, relouquemos de ledicia e deámoslle gloria ao seu nome. Aleluia.  
**Tempo ordinario:** O Señor omnipotente reina en toda a terra. Aleluia.

### LECTURA BREVE

Tempo de Advento

Flp 4, 4-5

Estade sempre alegres no Señor. Repítovolo: estade alegres. Que todo o mundo vexa o bos que sodes. O Señor está a chegar.

Tempo de Nadal

Gal 4, 4-5

Así que chegou a plenitude dos tempos, Deus mandounos o seu Fillo, nacido de muller e suxeito á Lei, para rescatar aos que estabamos baixo a Lei e para que recibísemos a filiación.

Tempo de Coresma

1Cor 9, 24-25

Non sabedes que os corredores no estadio corren todos, pero soamente un leva o premio? Correde, logo, de maneira que levedes premio. Todos os que compiten

se impoñen unha disciplina total; iso que eles é para conseguiren unha coroa perecedoira; nós, en cambio, unha imperecedoira.

### Tempo Pascual

Heb 10, 12-14

Cristo, logo que ofreceu un único sacrificio polos pecados, sentou para sempre á dereita de Deus; deste xeito, non lle queda máis que agardar a que Deus faga dos seus inimigos un estrado para os seus pés. Cunha única ofrenda deixou para sempre perfectos os que el santifica.

### Tempo ordinario

2Cor 1, 3-4

¡Bendito sexa Deus, Pai do noso Señor Xesucristo, Pai misericordioso e Deus de toda consolación! El anímanos en todas as nosas mágoas, de xeito que poidamos nós animar os outros en calquera aflición, no consolo que recibimos de Deus.

### RESPONSORIO BREVE

**R.** Bendito es Ti, Señor, \*No firmamento do ceo. Bendito.

**V.** Loado e cheo de gloria para sempre. \*No firmamento do ceo. Gloria ao Pai. Bendito.

### CÁNTICO EVANXÉLICO

#### Antífona

**Tempo de Advento:** O Espírito Santo baixará sobre ti, María; nas entrañas medo, vas concibir no teu ventre o Fillo de Deus. Aleluia.

**Tempo de Nadal:** Nas entrañas virxes da Nai entrou a graza do ceo: na entrala a mocíña leva un inefable segredo.

**Tempo de Coresma:** Vela por nós, eterno Salvador, para que non nos sorprendan os enganados do inimigo, pois ti quixeches ser para sempre o noso protector.

**Tempo Pascual:** Naquel día, o primeiro da semana, ao serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, chegou Xesús e, poñéndose no medio, díxolles: «Paz convosco. Aleluia».

**Tempo ordinario:** Fai con nós, Señor, obras grandes, porque es poderoso e o teu nome é santo.

### Magnificat

Lc 1, 46-55

#### A alegría da alma no Señor

Proclama a miña alma a grandeza do Señor,  
alégaseme o espírito en Deus, o meu Salvador,  
porque reparou na súa escrava.

Desde agora chamaranme ditosa todas as xeracións.  
Porque fixo marabillas en min o Poderoso;  
o seu nome é Santo;  
e a súa misericordia chega xeración tras xeración  
a todos os que o temen.

Manifesta o poder do seu brazo,  
dispersou os soberbios de corazón.  
Derrubou os poderosos dos seus tronos  
e elevou os humildes,  
aos famentos encheunos de bens,  
e aos ricos despediunos baleiros.

Amparon a Israel, o seu servo,  
lembrándose da súa misericordia,  
conforme llelo prometera aos nosos pais,  
en favor de Abraham e da súa descendencia para sempre.

Gloria ao Pai e ao Fillo e ao Espírito Santo.  
Como era no principio, agora e sempre, eternamente. Amén.

### PRECES

Adoremos a Cristo, noso Señor e cabeza da Igrexa, e digámoslle cheos de confianza:

*Veña a nós o teu Reino, Señor.*

Señor, que a túa Igrexa sexa signo vivo de unidade entre os homes,  
› e sacramento de salvación para todos os pobos.

Protexe o papa e os nosos bispos,  
› para que traballen pola unidade, polo amor e pola paz.



Fainos vivir sempre unidos a Ti, a nosa cabeza,  
 › para anunciar coa vida que está a chegar o teu Reino.

Concédelles ao mundo, Señor, a túa paz,  
 › para que en todos os pobos medre a xustiza e o benestar.

Dálles aos nosos irmáns defuntos a gloria da resurrección,  
 › e concédenos que tamén nosoutros poidamos un día participar da súa felicidade.

Rematamos a nosa oración pedindo que veña o Reino de Deus: *Noso Pai.*

### Oración

#### Tempo de Advento

Señor todopoderoso e cheo de bondade, non deixes que os traballos de cada día impidan o noso camiñar ao encontro de Cristo. Que o teu Espírito de sabedoría nos prepare a recibilo e nos leve a participar na vida do teu Fillo. Por Xesucristo, noso Señor.

#### Tempo de Nadal

Deus, noso Pai, ti creaches o home dun xeito admirable e renováchelo dun xeito inda máis admirable. Fainos participar na divindade do teu Fillo, que quixo tomar a nosa humanidade. Por Xesucristo, noso Señor.

#### Tempo de Coresma

Señor, noso Deus, fai que nos convertamos a ti. Ilumina o noso corazón coa luz da túa doutrina, para que o exercicio coresmal nos sirva de proveito. Por Xesucristo, noso Señor.

#### Tempo Pascual

Deus, noso Pai, ti, que pola celebración dos misterios pascuais lle deches ao teu pobo a salvación, non deixes de o favorecer sempre coa túa graza. Fai que alcance a liberdade verdadeira e que poida gozar no ceo a felicidade que xa saborea agora na terra. Por Xesucristo, noso Señor.

### Tempo ordinario

Señor, noso Deus, concédenos adorarte de todo corazón e amar a todos os homes con amor verdadeiro. Por Xesucristo, noso Señor.

### Conclusión

**V.** Que o Señor nos bendiga, nos libre do mal e nos leve cara á vida eterna.

**R.** Amén.

## HORA INTERMEDIA

**V.** Deus, ven axiña librar-me.

**R.** Dáte présa, Señor, en socorrer-me.

Gloria ao Pai e ao Fillo e ao Espírito Santo. Como era no principio, agora e sempre, eternamente. Amén. (Aleluia.)

### HIMNOS

#### Tempo ordinario

##### I

*Que xesto, Señor, tiveches comigo:  
cando me chamaches, cando me elixiches,  
cando me dixeches que Ti eras amigo!  
Que xesto, Señor, tiveches comigo!*

Achegácheste á miña porta,  
pronunciaches o meu nome.  
Eu tremendo díxenche: Aquí estou, Señor.  
Ti faláchesme dun reino, dun tesouro escondido,  
dunha mensaxe fraterna,  
que acendeu a miña ilusión.

Eu deixei casa e vila, por seguir a túa aventura,  
vencellado contigo comezei a camiñar,  
xa pasaron os anos e aperta o camiño,  
paso a paso sígote, sen ollar para atrás.

Que ledicia sinto cando digo o teu nome!  
Que acougo me asolaga cando oio a túa voz!  
Que emoción me estremece  
cando escoito en silencio  
a túa palabra que avivece o meu silencio interior!

##### II

*Ven, Espírito Santo, vennos anovar.*

Ven encher, Espírito Santo,  
os corazóns dos teus fillos,

acendendo sempre neles  
o lume do teu amor.

*Ven, Espírito Santo, vennos anovar.*

Manda axiña o teu Espírito

e todo será creado,  
mándao para que toda a terra  
sexa por El renovada.

*Ven, Espírito Santo, vennos anovar.*

### III

*A Cristo cantamos na luz que alumea,  
a Cristo cantamos co lume da fe.*

A esperanza é unha fonte que está ao final do camiño,  
sede é a forza que nos move, Deus nos manteña sedentos.  
Deus nos manteña sedentos, romeiros a camiñar  
á procura dunha terra que deite o viño da paz.

Imos rematar as tebras que a noite abondo durou,  
e se o sol non quere saír alumeamos todos nós,  
alumeamos todos nós co facho dunha esperanza,  
limpa, quente, fonda e rexa como cantigas das augas.

### Tempo de Advento

*Ven axiña visitarnos,  
agardamos por ti, Señor.  
Ven enchernos coa ledicia  
da túa liberación.*

O pobo séntese escravo  
vivindo nesta opresión  
os pobres claman xustiza.  
Ven salvarnos, Señor!

Polos vieiros da vida,  
acompañanos, Señor,  
para sementar a esperanza  
en quen busca salvación.  
Ao preparar os camiños

polos que chegas a nós,  
temos que sentirnos ledos  
porque estás preto de nós.

Co Bautista e con María  
agardamos a chegada  
daquel que vén salvarnos,  
é Deus feito Palabra.

### Tempo de Nadal

*Caraveis traemos en ducias  
de a cen para adornar  
o berce do Neno acabado de nacer.  
Son da beira do Miño,  
cóidaos San Xosé  
para a Virxe María  
que estivo de parto  
onte á noite en Belén.*

Xesús, caraveis que son para Ti  
o amor dos veciños deste lugar.  
Desde Ourense aquí vimos  
para ser os primeiros en te agasallar.

Xesús, ao naceres Ti, nace Deus,  
a Paz, a Leticia, a Vida e o Ben.  
Desde Ourense aquí vímosche cantar  
coma os anxos na noite en Belén.

Xesús, como pastores aquí nos tes,  
en pé convidados no teu Portal.  
Desde Ourense aquí vímosche pedir  
para os pobres fartura e fogar.

### Tempo de Coresma

*Andarei na presenza do Señor,  
camiñarei por camiños de vida,  
hei de escoitar a palabra que El nos dá,  
pois é a luz que nos guía.*

Camiñando polo mundo imos indo cara ao Alén,  
peregrinos no deserto: «Ven connosco, Deus Amigo».  
Cando as tebras nos envolvan, fainos ver a túa Luz  
para acertar co camiño.

Cando nos falten as forzas  
para seguir os teus vieiros  
e nos sintamos vencidos por atrancos do inimigo.  
Ven connosco, Deus Amigo, fainos ver a túa Luz  
para chegar ao destino.

Cando andamos na maldade, na inxustiza ou na mentira,  
destruíndo o «home novo» que das túas mans saíra.  
«Fainos ver a túa Luz, ven connosco, Deus Amigo,  
para trocar morte en vida».

### Semana Santa

Sempre adiante, sempre adiante,  
aínda que o camiño sexa escuro,  
levamos as esperanzas  
que comezan o futuro.

Non se ve, Señor, a espiga dos grans que Ti sementaches,  
pero os grans están na terra, teñen a forza da vida.  
Cremos que as espigas túas han de nacer algún día,  
e desfaranse as mentiras nas que este mundo durmía.

Presos nun grande egoísmo, matamos a quen nos fala  
dun mundo novo que agardan os máis pobres dos teus fillos.  
Luz chamámoslles ás sombras, e verdades ás mentiras,  
acomodados na morte, non arelamos a vida.

Sempre adiante, sempre adiante,  
aínda que o camiño sexa escuro,  
levamos as esperanzas  
que comezan o futuro.

### Tempo Pascual

#### I

*Este é o día no que o Señor actuou,  
alegrémonos nel e relouquemos.*

Loade o Señor porque é bo,  
porque a súa misericordia é para sempre.  
Que o diga a casa de Israel,  
é para sempre a súa misericordia.

A destra do Señor é excelsa,  
a destra do Señor fixo proezas.  
Non hei morrer,  
vou vivir e pregoar os feitos do Señor.

A pedra que os canteiros desbotaron,  
esa mesma se converteu en esquinal.  
O Señor foi quen o fixo,  
unha marabilla aos nosos ollos.

#### II

*Aleluia, aleluia, o noso Señor resucitou.*

Noite ditosa da Pascua, noite de luz celestial,  
noite feliz da vitoria, noite de perdón e paz.

Noite máis clara que o día, noite triunfal,  
noite resplandecente de graza e de candor bautismal.

Noite de amor e misterio, alegre noite pascual:  
a Vida pode coa morte, o Ben acaba co mal.

### SALMODIA

**Tempo de Advento:** O anxo Gabriel díxolle a María: «Alégrate, chea de graza; o Señor está contigo, bendita es ti entre todas as mulleres».

**Tempo de Nadal ata a Epifanía:** María gardaba todas estas palabras e as meditaba no seu corazón.

**Tempo de Nadal desde a Epifanía:** Veu Cristo e trouxo a nova da paz: paz a vós, aos que estades lonxe; paz tamén aos que estabades preto.

**Tempo de Coresma:** Pola miña vida, di o Señor, non quero a morte do pecador, senón que se converta e viva.

**Semana Santa:** Igual que o Pai me coñece, tamén eu coñezo o Pai, e dou a vida polas miñas ovellas.

**Tempo Pascual:** Aleluia, aleluia, aleluia.

**Tempo ordinario: Ant. 1.** Máis vale abeirarse no Señor, porque é para sempre a súa misericordia. Aleluia.

### Salmo 117

#### *Himno de acción de grazas despois da vitoria*

*Cristo é a pedra que refugastes vós,  
os construtores, e que se converteu en pedra esquinal (Feit. 4,11)*

Loade o Señor, porque é bo,  
porque é para sempre a súa misericordia.

Que o diga a casa de Israel:  
é para sempre a súa misericordia.

Que o diga a casa de Aharón:  
é para sempre a súa misericordia.

Que o digan os que temen o Señor:  
é para sempre a súa misericordia.

No apuro invoquei o Señor,  
e o Señor escoitome e deume folgura.

O Señor está comigo: nada temo;  
que poden facerme os homes?  
O Señor está comigo, El é quen me axuda:  
verei os meus inimigos en desfeita.

Máis vale abeirarse no Señor  
que fiarse dos homes.  
Máis vale abeirarse no Señor  
que fiarse dos grandes.

**Tempo ordinario: Ant. 1.** Máis vale abeirarse no Señor, porque é para sempre a súa misericordia. Aleluia.

**Tempo ordinario: Ant. 2.** O Señor é a miña forza e o meu cántico. Aleluia.

## II

Rodeábame un fato de pobos,  
e no nome do Señor aniquileinos;  
rodeábanme, puxéranme cerco,  
e no nome do Señor aniquileinos;  
rodeábanme coma abellas,  
ardían coma lume en espiños,  
e no nome do Señor aniquileinos.

Empurraban e empurraban para tirarme,  
pero o Señor axudome.  
A miña forza e o meu cántico é o Señor,  
El é a miña salvación.

Hai un clamor de gozo e de vitoria  
nas tendas dos xustos:  
a destra do Señor fixo proezas,  
a destra do Señor é excelsa,  
a destra do Señor fixo proezas.

Non hei morrer, vou vivir  
e pregoar os feitos do Señor.  
Castigoume o Señor, castigoume,  
mais non me entregou á morte.

**Tempo Ordinario: Ant. 2.** O Señor é a miña forza e o meu cántico. Aleluia.

**Tempo Ordinario: Ant.3.** Douche grazas, Señor, porque me escoitaches. Aleluia.

## III

Abrídeme as portas da vitoria:  
quero entrar para darlle grazas ao Señor.  
Esta é a porta do Señor:  
os xustos entran por ela.

Douche grazas, porque me escoitaches,  
por seres a miña salvación.

A pedra que os canteiros desbotaran,  
esa mesma se converteu en esquinal.

Foi o Señor quen o fixo,  
unha marabilla á nosa vista.

Este é o día en que actuou o Señor:  
alegrémonos nel e relouquemos.  
Señor, dános a salvación!  
Señor, dános prosperidade!

Bendito o que vén no nome do Señor:  
desde a casa do Señor bendicímosvos.  
O Señor é Deus: El dános a luz.

Dispoñede unha procesión con ramos  
ata a beira do altar.

Ti es o meu Deus, veño darche grazas;  
meu Deus, veño enxalzarte.

Loade o Señor, porque é bo,  
porque é para sempre a súa misericordia.

**Tempo ordinario:** Ant.3. Douche grazas, Señor, porque me escoitaches. Aleluia.

**Tempo de Advento:** O anxo Gabriel díxolle a María: «Alégrate, chea de graza; o Señor está contigo, bendita es ti entre todas as mulleres».

**Tempo de Nadal ata a Epifanía:** María gardaba todas estas palabras e as meditaba no seu corazón.

**Tempo de Nadal desde a Epifanía:** Veu Cristo e trouxo a nova da paz: paz a vós, aos que estades lonxe; paz tamén aos que estabades preto.

**Tempo de Coresma:** Pola miña vida, di o Señor, non quero a morte do pecador, senón que se converta e viva.

**Semana Santa:** Igual que o Pai me coñece, tamén eu coñezo o Pai, e dou a vida polas miñas ovellas.

**Tempo Pascual:** Aleluia, aleluia, aleluia.

## LECTURA BREVE

### Tempo ordinario

Gal 6, 7b-8

Con Deus non se chancea. O que o home semente, iso recollerá. Quen semente na súa carne, da carne recollerá corrupción; e quen semente no Espírito, do Espírito recollerá vida eterna.

V. A túa palabra, Señor, é eterna.

R. A túa fidelidade mantense polas xeracións.

## Oración

Deus todopoderoso e eterno, Ti gobernas o ceo e mais a terra. Escoita con bondade as súplicas do teu pobo e concédenos a paz. Por Xesucristo, noso Señor.

### Tempo de Advento

1Tes 3, 12-13

Que o Señor vos faga medrar no amor duns cos outros e con todos, ata rebordar, como nos pasa a nós respecto de vós. Que El afinque os vosos corazóns nunha santidad sen falla diante de Deus, noso Pai, cando veña o noso Señor Xesús con todos os seus santos.

V. Lémbrate de nós, Señor, por amor do teu pobo.

R. Visítanos coa túa salvación.

## Oración

Deus todopoderoso, concédelles aos teus fieis a vontade de camiñar ao encontro do Señor, que está por vir, para que merezan ser chamados a entrar no Reino de Deus. Por Xesucristo, noso Señor.

### Tempo de Nadal

1Xn 4, 9

O amor de Deus fíxose ver entre nós en que Deus mandou ao mundo o seu Fillo Unixénito, para que nos dese a súa vida.

V. Os confíns da terra contemplaron. Aleluia.

R. A Salvación do noso Deus. Aleluia.

## Oración

Deus, noso Pai, Ti creaches o home dun xeito admirable e renováchelo dun xeito aínda máis admirable. Fainos participar da divindade do teu Fillo, que quixo tomar a nosa humanidade. Por Xesucristo, noso Señor.

### Tempo de Coresma

Is 30, 15.18

Así fala o Señor, o Santo de Israel: «Na conversión e no acougo estará a vosa salvación; na tranquilidade e na confianza estará a vosa forza». O Señor espera, para amosarvos o seu favor; tolera, para ter compaixón de vós. O Señor é Deus de xustiza: felices todos os que esperan nel.

V. Arreda do meu pecado a túa vista.

R. Borra todas as miñas culpas.

### Oración

Deus todopoderoso, celebramos un ano máis o sacramento coesmal. Concédenos que as prácticas coesmais nos leven a comprender mellor o misterio de Xesucristo e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis fiel a Ti. Por Xesucristo, noso Señor.

### Semana Santa

1Cor 1, 22-24

Os xudeus piden signos e os gregos buscan a sabedoría; pero nós predicamos un Cristo crucificado: e isto para os xudeus é un escándalo e para os pagáns unha loucura. Pero para os chamados, tanto xudeus coma gregos, El é Cristo, marabilla do poder e da sabedoría de Deus.

V. El cargou coas nosas dores.

R. E soportou as nosas maldades.

### Oración

Deus todopoderoso, Ti ves a nosa impotencia e debilidade. Fai que a paixón do teu Fillo repare as nosas forzas e levante o noso ánimo. Por Cristo noso Señor.

### Tempo Pascual

Col 2, 9.10a.12

En Cristo habita corporalmente toda a plenitude da divindade, e nel atopades vós a vosa plenitude. Sepultáronvos con El no bautismo e tamén resucitades nel pola fe na forza de Deus, que o resucitou de entre os mortos.

V. Os discípulos alegráronse. Aleluia.

R. Vendo o Señor. Aleluia.

### Oración

Deus todopoderoso e eterno, Ti dásnos a graza de podermos chamarche Pai. Fai crecer en nós o espírito de fillos adoptivos, para que cheguemos un día á herdanza que nos prometiches. Por Xesucristo, noso Señor.

## COMPLETAS

V. Deus, ven axiña librar-me.

R. Dáte présa, Señor, a en socorrer-me.

Gloria ao Pai e ao Fillo e ao Espírito Santo. Como era no principio, agora e sempre, eternamente. Amén. (Aleluia.)

### EXAME DE CONCIENCIA

O que preside di:

Irmáns: Chegados ao remate desta xornada que Deus nos concedeu, recoñezamos humildemente os nosos pecados.

Todos examinan en silencio a súa conciencia. Logo proséguese con algunha das fórmulas seguintes:

Eu confésome pecador diante de Deus omnipotente

e tamén diante de vós, meus irmáns,  
pois teño pecado moito de pensamento,  
de palabra, de obra e de omisión,  
pola miña culpa, pola miña culpa,  
pola miña grandísima culpa.

Por iso lle pido á benaventurada Virxe María,  
a todos os anxos e santos do ceo,  
e a vós tamén, meus irmáns,  
que roguedes por min a Deus, o noso Pai.

Segunda fórmula:

V. Señor, ten misericordia de nós.

R. Pois temos pecado contra ti.

V. Amósanos, Señor, a túa piedade.

R. E dános a túa salvación.

Se preside a celebración un ministro, el só di a conclusión seguinte; en caso contrario, dina todos:

V. Que Deus omnipotente teña piedade de nós, nos conceda o perdón dos nosos pecados e nos leve á vida eterna.

R. Amén

### HIMNOS

I

O traballo do día traémosche,  
pois os corpos de apuros están xa cansos,  
e ante Ti poñemos esta ofrenda  
na tarde que quedíña vai marchando.

Esta hora de calma, á fin do día,  
para nós é ledicia e sorte infinda,  
e a esperanza vai medrando pouco a pouco  
cando estamos, Señor, de anoitecida.

Elevamos as mans como unha ofrenda,  
para que enchas de graza a nosa vida  
e espertemos mañá, chegado o día,  
descansados, que a mágoa nos enchía.

Lembra, Señor, por sempre os teus fillos,  
que Cristo redimiu coa súa morte.  
Envíanos o Espírito, que é vida,  
e guíanos nas horas vespertinas. Amén.

## II

Veño traerche, Señor,  
nun ramo, as horas do día,  
unha breve eucaristía,  
unha cantiga de amor,  
e coma incenso unha flor;

e pídoche, Deus amigo,  
abeirarme ao teu abrigo,  
dormir no teu corazón,  
e que o meu, en oración,  
vele esta noite contigo.

## III

Luz eterna, suave, que aos humanos guías,  
guíame lonxe, no medio da noite;  
non teño aquí morada permanente:  
lévame lonxe, lévame máis lonxe.

Que importa se é tan lonxe para min  
a praia onde teño que chegar  
se sobre min levo constantemente  
pousada a clara luz do teu ollar?

Se Ti me das a man non terei medo;  
os meus pasos serán firmes ao andar.  
Luz eterna, suave, lévame máis lonxe:  
quero ir máis lonxe, quero a Ti chegar.

## SALMODIA

**Fóra do tempo pascual.** *Ant.* Apiádate de min, Señor, e escoita a miña oración.  
**Tempo Pascual.** *Ant.* Aleluia, aleluia, aleluia.

### Salmo 4

#### *Acción de grazas*

Cando te invoco, respóndeme,  
meu Deus, meu defensor;  
na estreiteza, ti déchesme fartura;  
apiádate de min e escoita a miña oración.

E vós, homes, por canto tempo aldraxaredes o meu nome,  
e amaredes a vaidade, e buscaredes o engano?  
Recoñeced que o Señor enalteceu o seu amigo,  
que o Señor me responde cando o chamo.

Tremede e non pequedes;  
meditade nos vossos leitos  
e gardade silencio;  
ofrecede sacrificios xustos  
e confiade no Señor.

Moitos din: «Quen nos amosará a felicidade,  
se fuxiu de nós, Señor, a luz do teu rostro?»

Ti pos no meu corazón maior ledicia  
cá dos que teñen fartura de trigo e de viño.

Déitome en paz e logo adormezo  
porque só ti, Señor, me das seguridade.

**Ant. 1.** Apiádate de min, Señor, e escoita a miña oración.

**Ant. 2.** Durante a noite, bendicide o Señor.

### Salmo 133

#### *Oración da noite no templo*

E agora bendicide o Señor,  
todos os servidores do Señor,  
os que estades de noite na casa do Señor.  
Alzade as mans cara ao santuario  
e bendicide o Señor.



Desde Sión bendígate o Señor,  
que fixo o ceo e mais a terra.

**Fóra do tempo pascual.** Durante a noite, bendicida o Señor.  
**Tempo Pascual. Ant.** Aleluia, aleluia, aleluia.

### LECTURA BREVE

**Dt 6, 4-7**

Escoita, Israel: O Señor, o noso Deus, é o único Señor. Amarás o Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma e con toda a túa forza. As palabras estas, que eu che prescribo hoxe, quedarán gravadas no teu corazón. Inculcarás-llelas aos teus fillos e falarás delas estando na casa e indo polos camiños, estando deitado e estando de pé.

**Ap 22, 4-5**

Verán o Señor cara a cara e levarán o seu nome escrito na fronte. Alí endexamais haberá noite nin precisarán da luz da lámpada nin da luz do sol, porque o Señor será a luz que os alumee e eles serán reis polos séculos dos séculos.

### RESPONSORIO BREVE

**Fóra do tempo pascual**

**R.** Nas túas mans, Señor, \*Acouga o meu espírito.

Nas túas mans.

**V.** E ti librasme, Señor, Deus fiel. \*Acouga o meu espírito. Gloria ao Pai. Nas túas mans.

**Tempo Pascual**

**R.** Nas túas mans, Señor, acouga o meu espírito. \*Aleluia, aleluia. Nas túas mans.

**V.** E ti librasme, Señor, Deus fiel. \*Aleluia, aleluia. Gloria ao Pai. Nas túas mans.

### CÁNTICO EVANXÉLICO

**Ant.:** Sálvanos, Señor, cando velamos e gárdanos cando durmimos, para que esteamos vixiantes con Cristo e descansemos en paz. (**T.P.** Aleluia)

**Nunc dimittis**

**Lc 2, 29-32**

Agora, Señor, segundo a túa promesa,  
podes despedir en paz o teu servo,  
porque xa os meus ollos viron a túa salvación,  
a que ti preparaches á vista de todos os pobos.

Luz de revelación para os xentís,  
e gloria do teu pobo Israel.

Gloria ao Pai.

**E como de costume, repítese a antífona.**

### ORACIÓN CONCLUSIVA

**Nos domingos e durante a Oitava de Pascua:**

Oremos:

Señor, que nos alegremos coa túa visita durante esta noite; e que mañá comecemos o día ao teu abeiro, para podermonos alegrar coa resurrección do teu Fillo. El, que vive e reina por sempre eternamente.

**R.** Amén

**Nas solemnidades que non cadran en domingo e durante a Oitava de Pascua:**

Oremos:

Visita, Señor, esta morada; afasta dela todas as tentacións do inimigo; que os teus santos anxos habiten nela e nos garden en paz; e que acollamos en todo momento a bendición coa que ti sempre nos bendís. Por Xesucristo, noso Señor.

**R.** Amén

**Nos días da semana, excepto domingos e solemnidades:**

Oremos:

Señor, concédenos un descanso saudable, e que a semente de fraternidade que hoxe sementamos co noso traballo produza froitos para a colleita do Evanxeo. Por Xesucristo, noso Señor.

### CONCLUSIÓN

Que o Señor omnipotente nos dea unha noite tranquila e, na fin da vida, unha morte santa.

**R.** Amén

### ANTÍFONAS FINAIS Á SANTÍSIMA VIRXE MARÍA

**I**

Salve, Raíña, Nai de misericordia,  
vida, dozura e esperanza nosa, Salve!

A ti chamamos os desterrados, fillos de Eva;  
a ti salaíamos, xemendo e chorando  
neste val de bágoas.

Ea, pois, Señora, avogada nosa,  
volve cara a nós eses os teus ollos misericordiosos;  
e despois deste desterro,  
móstranos a Xesús, froito bendito do teu seo.  
Oh, clementísima, oh piadosa, oh doce Virxe María!

## II

Boas noites dicímosche, María,  
do fonal do corazón;  
acolle o noso saúdo,  
que te ofrendamos con amor.

No teu colo, nosa nai agarimosa,  
hai alivio para a dor:  
as túas olladas maternas  
mantéñannos fieis ao Señor.

A noitiña, cando amaina a trasfega,  
rematado xa o labor,  
conforta lembrarnos de novo  
que ti nos trouxeches o Señor.

## III

Baixo o teu amparo  
acollémonos, María.  
Non rexeites as pregarías  
que rezamos noite e día,  
porque nos cómpre unha nai  
coma ti, Virxe bendita.  
Que da maldade nos libre  
e coa súa man nos bendiga;  
na soidade nos escoite,  
e na morte nos asista.

## ORACIONAL



# ÍNDICE

## I. ORACIÓNS DO CRISTIÁN.....p. 49

1. O sinal da cruz.....p. 49
2. Gloria ao Pai.....p. 49
3. Nosopai.....p. 49
4. Ave María.....p. 49
5. Ángelus.....p. 50
6. Regina coeli.....p. 50
7. Salve Raíña.....p. 51
8. Baixo a túa protección.....p. 51
9. Acordádevos.....p. 51
10. Oración ao Espírito Santo.....p. 52
11. Ven Espírito Santo.....p. 53
12. Alma de Cristo.....p. 53
13. Acto de fe.....p. 54
14. Acto de esperanza.....p. 54
15. Acto de caridade.....p. 54
16. Acto de contrición.....p. 54
17. Oración a san Xosé.....p. 55
18. Responso de san Antonio.....p. 55
19. Oración a san Bieito.....p. 56
20. Oración a san Roque.....p. 56
21. Oración en tempos de pandemia.....p. 57

## II. ORACIÓNS PARA VIVIR A MISA.....p. 59

1. Oración para prepararnos para a celebración.....p. 59
  - Oración de san Tomé de Aquino.....p. 59
  - Oración á Virxe María.....p. 60
2. Acción de grazas despois da misa.....p. 60
  - Oración de san Tomé de Aquino.....p. 60
  - Ofrecemento dun mesmo.....p. 61
  - Oración á Benaventurada Virxe María.....p. 61

## III. VIACRUCIS – CAMIÑO DA CRUZ.....p. 63

## IV. SANTO ROSARIO.....p. 69

1. Misterios gozosos.....p. 69
2. Misterios luminosos.....p. 71
3. Misterios dolorosos.....p. 72
4. Misterios gloriosos.....p. 74
5. Ladaíñas da nosa Señora.....p. 75

## V. ORACIÓN POLOS DE FUNTOS.....p. 77

1. Para rezar na casa ou no tanatorio.....p. 77
2. Para rezar no cemiterio.....p. 79

## I. ORACIÓNS DO CRISTIÁN

### 1. O SINAL DA CRUZ

Polo sinal ✠ da santa Cruz,  
dos nosos ✠ inimigos  
líbranos Señor, ✠ noso Deus.

No nome do Pai e do Fillo ✠ e do Espírito Santo.  
Amén.

### 2. GLORIA AO PAI

Gloria ao Pai e ao Fillo e ao Espírito Santo.  
Como era no principio, agora e sempre, eternamente. Amén.

### 3. NOSOPAI

Noso Pai que estás no ceo:  
santificado sexa o teu nome,  
veña o teu reino  
e fágase a túa vontade  
aquí na terra coma no ceo.  
Dános hoxe o noso pan de cada día;  
perdoa as nosas ofensas,  
como tamén perdoamos nós  
a quen nos ten ofendeu;  
e non nos deixes caer na tentación,  
mais líbranos do mal. Amén.

### 4. AVE MARÍA

Ave María, chea de graza,  
o Señor está contigo,  
bendita es ti entre todas as mulleres  
e bendito é o froito  
das túas entrañas, Xesús.

Santa María, Nai de Deus,  
roga por nós, pecadores,  
agora e na hora da nosa morte. Amén.

## 5. ÁNGELUS

**V/** O anxo do Señor anuncioulle a María.

**R/** E ela concibiu por obra e graza do Espírito Santo.

*Ave María...*

**V/** Velaquí a escrava do Señor.

**R/** Fágase en min segundo a túa palabra.

*Ave María...*

**V/** E o Verbo fíxose carne.

**R/** E habitou entre nós.

*Ave María...*

**V/** Roga por nós, Santa Nai de Deus.

**R/** *Para que sexamos merecentes das promesas do noso Señor Xesucristo. Amén.*

### Oración:

Infunde, Señor, a túa graza nos nosos corazóns para que cantos, polo anuncio do anxo, coñecemos a encarnación do teu Fillo Xesucristo, pola súa paixón e a súa cruz cheguemos á gloria da súa resurrección. Por Xesucristo, noso Señor. Amén.

**V/** Gloria o Pai...

## 6. REGINA COELI (en tempo pascual)

Raíña do ceo, alégrate; aleluia.  
Porque o Señor a quen mereciches levar;  
aleluia.  
Resucitou segundo a súa palabra;  
aleluia.  
Rógalle ao Señor por nós;  
aleluia.  
Gózate e alégrate, Virxe María;  
aleluia.

Porque verdadeiramente resucitou o Señor;  
aleluia.

### Oremos:

Oh, Deus, que pola resurrección do teu Fillo, o noso Señor Xesucristo, enchiches o mundo de alegría, concédenos, por intercesión da súa Nai, a Virxe María, chegar a acadar os gozos eternos. Por Xesucristo, noso Señor.

## 7. SALVE RAÍÑA

Salve, Raíña,  
Nai de misericordia,  
vida, dozura e esperanza nosa, Salve!  
A ti chamamos  
os desterrados, fillos de Eva;  
a ti salaíamos, xemendo e chorando  
neste val de bágoas.  
Ea, pois, Señora, avogada nosa,  
volve cara a nós eses os teus ollos misericordiosos;  
e despois deste desterro,  
móstranos a Xesús,  
froito bendito do teu seo.  
Oh, clementísima, oh, piadosa,  
oh, doce Virxe María!  
Roga por nós, Santa Nai de Deus,  
para que sexamos merecentes das promesas  
do noso Señor Xesucristo. Amén.

## 8. BAIXO A TÚA PROTECCIÓN

Baixo o teu amparo acollémonos,  
Santa Nai de Deus;  
non rexeites as súplicas  
que che diriximos  
nas nosas necesidades;  
ante todo, líbranos sempre de todo perigo,  
Oh, Virxe gloriosa e bendita!

## 9. ACORDÁDEVOS

Acordádevos,  
oh, piadosísima Virxe María,  
que xamais se oíu dicir

que ningún dos que acudiron  
á túa protección,  
implorando a túa asistencia  
e reclamando o teu socorro,  
fose abandonado por ti.

Animado con esta confianza,  
a ti tamén acudo, oh, Nai,  
Virxe das virxes,  
e aínda que xemendo  
baixo o peso dos meus pecados,  
atrévome a comparecer  
diante da túa presenza soberana.

Non rexeites as miñas humildes súplicas,  
oh, Nai do Verbo divino,  
así a todo, escóitaas  
e acólleas benignamente. Amén.

## 10. ORACIÓN AO ESPÍRITO SANTO

Ven, Espírito divino,  
manda a túa luz desde o ceo.  
Pai amoroso do pobre;  
don, nos teus dons espléndido;  
luz que penetra as almas;  
fonte do maior consolo.

Ven, doce hóspede da alma,  
descanso do noso esforzo,  
tregua no duro traballo,  
brisa nas horas de lume,  
gozo que enxuga as bágoas  
e reconforta nos dós.

Entra ata o fondo da alma,  
divina luz, e enriquecéenos.  
Mira o baleiro do home,  
se ti lle faltas por dentro;  
mira o poder do pecado,  
cando non vén o teu alento.

Rega a terra en seca,  
sanda o corazón enfermo,

lava as manchas,  
infunde calor de vida no xeo,  
doma o espírito indómito,  
guía o que torce o carreiro.

Reparte os teus sete dons,  
segundo a fe dos teus servos;  
pola túa bondade e a túa graza,  
dálle ao esforzo o seu mérito;  
salva o que busca salvarse  
e dános o teu gozo eterno. Amén.

## 11. VEN ESPÍRITO SANTO

Ven, Espírito Santo,  
enche os corazóns dos teus fieis  
e acende neles  
o lume do teu amor.

Envía, Señor, o teu Espírito.

**R/** Que renove a face da Terra.

### Oración:

Oh, Deus,  
que enchiches os corazóns dos teus  
fieis coa luz do Espírito  
Santo; concédenos que,  
guiados polo mesmo Espírito,  
sintamos con rectitude  
e gocemos sempre do teu consolo.  
Por Xesucristo, noso Señor.

**R/** Amén.

## 12. ALMA DE CRISTO

Alma de Cristo, santifícame.  
Corpo de Cristo, sálvame.  
Sangue de Cristo, embriágame.  
Auga do costado de Cristo, lávame.  
Paixón de Cristo, confórtame.  
**Oh, bo Xesús,** óeme.  
Dentro das túas chagas, escóndeme.

Non permitas que me aparte de Ti.  
Do maligno inimigo, deféndeme.  
Na hora da miña morte, chámame.  
E mándame ir a ti.  
Para que cos teus santos te loe e te bendiga,  
polos séculos dos séculos. Amén.

### 13. ACTO DE FE (tradición española)

Creo en Deus Pai;  
Creo en Deus Fillo;  
Creo en Deus Espírito Santo;  
Creo na Santísima Trindade;  
Creo no meu Señor Xesucristo,  
Deus e home verdadeiro.

### 14. ACTO DE ESPERANZA (tradición española)

Espero en Deus Pai;  
Espero en Deus Fillo;  
Espero en Deus Espírito Santo;  
Espero na Santísima Trindade;  
Espero no meu Señor Xesucristo,  
Deus e home verdadeiro.

### 15. ACTO DE CARIDADE (tradición española)

Amo a Deus Pai;  
Amo a Deus Fillo;  
Amo a Deus Espírito Santo;  
Amo a Santísima Trindade;  
Amo o meu Señor Xesucristo,  
Deus e home verdadeiro.  
Amo a María santísima, nai de Deus  
e nai nosa, e amo o meu próximo  
como a min mesmo.

### 16. ACTO DE CONTRICIÓN (tradición española)

Meu Señor Xesucristo,  
verdadeiro Deus e verdadeiro home,  
Creador, Pai e Redentor meu.

Por ser ti quen es, Bondade infinita,  
e porque te amo sobre todas as cousas,  
pésame ofenderte de todo corazón.  
Pésame porque me poidas castigar  
coas penas do inferno.

Axudado da túa divina graza,  
propóñome firmemente nunca máis pecar,  
confesarme e cumprir a penitencia  
que me fose imposta. Amén.

### 17. ORACIÓN A SAN XOSÉ

Deus todopoderoso,  
cando lle encomendaches a san Xosé  
o coidado de Xesús e de María,  
puxeches baixo a súa custodia  
o comezo dos misterios da salvación humana.  
Pola súa intercesión, concédelle á túa Igrexa  
que os continúe fielmente  
ata que a obra da salvación chegue á súa fin.  
Por Xesucristo, noso Señor. Amén.

### 18. RESPONSO DE SANTO ANTONIO

Se buscas milagres,  
mira morte e erro desterrados,  
miseria e demo fuxidos,  
leprosos e enfermos sans.

*O mar sosega a súa ira,  
redímense encarcerados,  
membros e bens perdidos,  
recobran mozos e anciáns.*

O perigo retírase,  
os pobres van remediados,  
cónteno os socorridos,  
dígano os paduanos.

*O mar sosega a súa ira...*

Gloria ao Pai, gloria ao Fillo,  
gloria ao Espírito Santo.

*O mar sosega a súa ira...*

Roga a Cristo por nós,  
Antonio glorioso e santo,  
para que dignos así,  
das túas promesas sexamos.  
Amén.

## 19. ORACIÓN A SAN BIEITO

Deus, noso Pai,  
ti fixeches do abade san Bieito un mestre extraordinario  
dos que queren consagrar a vida ao teu servizo.  
Concédenos, pola túa bondade,  
non antepoñer cousa ningunha ao teu amor,  
para que así camiñemos polos vieiros dos teus mandados  
cun corazón alegre e xeneroso.  
Pola súa intercesión, remedia  
as nosas necesidades espirituais e corporais,  
concédelle á santa Igrexa progresar na conversión persoal e pastoral,  
e que ninguén morra en pecado mortal,  
para que así poidamos algún día no ceo,  
cantar as eternas benaventuranzas. Amén.

## 20. ORACIÓN A SAN ROQUE

Garda, Señor,  
o teu pobo con bondade,  
e pola intercesión de san Roque,  
líbrao de todo contaxio do corpo e todos os males.  
Por Xesucristo, noso Señor. Amén

## 21. ORACIÓN EN TEMPOS DE PANDEMIA

Deus todopoderoso e eterno,  
o noso refuxio en todos os perigos,  
que escoitas os teus fillos que te suplican con fe na tribulación,  
mira compasivo cara a nós,  
que che pedimos concedas  
descanso eterno aos que morreron,  
consolo aos que choran,  
saúde aos enfermos,  
paz aos moribundos,  
forza aos traballadores sanitarios,  
sabedoría aos nosos gobernantes  
e o ánimo de achegarse a todos con amor,  
para que xuntos poidamos glorificar o teu santo nome.  
Por Xesucristo, noso Señor.

## II. ORACIÓNS PARA VIVIR A EUCARISTÍA

### 1. PREPARARSE PARA A CELEBRACIÓN

#### ORACIÓN DE SAN TOMÉ DE AQUINO

Deus todopoderoso e eterno,  
achégome ao sacramento do teu Fillo unixénito,  
o noso Señor Xesucristo:  
coma un enfermo ao médico da vida,  
coma un impuro á fonte da misericordia,  
coma un cego á luz da claridade eterna,  
coma un pobre e necesitado ao Señor do ceo e mais da terra.

Pídoche a abundancia da túa gran xenerosidade,  
para que cure a miña enfermidade,  
lave a miña fealdade,  
ilumine a miña cegueira,  
enriqueza a miña pobreza  
e vista a miña nudez;  
que reciba o Pan dos Anxos,  
o Rei dos reis e o Señor dos que dominan,  
con tanta reverencia e humildade,  
con tanta contrición e devoción,  
con tanta limpeza e tanta fe,  
con tanto propósito e intención  
como lle convén á saúde da miña alma.

Concédeme recibir,  
non soamente o sacramento do Corpo e do Sangue do Señor,  
senón tamén a substancia e a forza do sacramento.

Deus cheo de bondade,  
fai que reciba de tal xeito o Corpo do teu Fillo unixénito,  
o noso Señor Xesucristo,  
nacido da Virxe María,  
que sexa merecente de me incorporar ao seu corpo místico  
e ser contado entre os seus membros.



Pai cheo de amor,  
 concédeme contemplar un día e para sempre,  
 co rostro descuberto,  
 o teu Fillo amado,  
 a quen agora, aínda camiñante,  
 vou recibir encuberto no sacramento.  
 El, que vive e reina contigo por sempre eternamente. Amén.

## ORACIÓN Á VIRXE MARÍA

Nai de piedade e misericordia,  
 benaventurada Virxe María,  
 eu, pobre e indigno pecador,  
 acóllome a ti con todo o afecto do meu corazón  
 e pídoche que teñas piedade de min.

Ti, que asistiches o teu Fillo queridíño,  
 cando estaba cravado na cruz,  
 asísteme tamén coa túa clemencia a min, pobre pecador,  
 e a todos os sacerdotes que hoxe ofrecen o sacrificio da misa  
 aquí e en toda a Igrexa santa.

Que, axudados pola túa graza,  
 poidamos ofrecer na presenza da Trindade Santa  
 unha ofrenda digna e aceptable. Amén.

## 2. ACCIÓN DE GRAZAS DESPOIS DA MISA

### ORACIÓN DE SAN TOMÉ DE AQUINO

Douche grazas,  
 Señor, Pai Santo, Deus todopoderoso e eterno,  
 que, non polos meus merecementos, senón pola túa misericordia,  
 tiveches a ben alimentarme co precioso Corpo e Sangue  
 do teu Fillo, o noso Señor Xesucristo,  
 a min, que son un pecador, un indigno servidor teu.

Pídoche que esta comunión santa  
 non sexa para min motivo de condena,  
 senón causa de perdón;  
 que sexa unha defensa da miña fe  
 un escudo para a miña vontade;  
 que sexa unha liberación dos meus vicios,  
 un aniquilamento da miña concupiscencia;

que sexa un aumento da caridade e da paciencia,  
 da humildade e da obediencia  
 e de todas as virtudes;  
 que sexa unha firme defensa  
 contra os ataques de todos os inimigos,  
 tanto visibles como invisibles;  
 que sexa un perfecto acougo das miñas paixóns,  
 tanto corporais coma espirituais;  
 que sexa un firme achegamento a ti, único e verdadeiro Deus,  
 e un feliz coroamento da miña vida.

Pídoche tamén que, aínda que sexa un pecador,  
 teñas a ben levarme a aquel marabilloso banquete  
 onde ti, co teu Fillo e o Espírito Santo,  
 es para os teus santos a luz verdadeira,  
 a fartura completa, o gozo sempiterno,  
 a ledicia total e a felicidade perfecta.  
 Por Xesucristo, noso Señor. Amén.

## OFRECIMENTO DUN MESMO

Recibe, Señor, toda a miña liberdade.  
 Acolle a miña memoria, o meu entendemento,  
 a miña vontade toda.  
 Todo canto teño, concedíchesmo ti;  
 todo cho devolvo  
 e o poño por enteiro á túa disposición.  
 Dáme o teu amor e a túa graza,  
 con iso son rico abondo,  
 non che pido máis nada.

## ORACIÓN Á BENAVENTURADA VIRXE MARÍA

María, Virxe e Nai santísima,  
 velaquí que acabo de recibir  
 o teu Fillo benquerido,  
 que ti concibiches no teu seo inmaculado,  
 de ti naceu, ti criáchelo,  
 leváchelo con agarimo nos teus brazos.  
 Aquí está o que coa súa presenza te alegraba  
 e te enchía de gozo incomparable.  
 Preséntocho e ofrézocho con toda a humildade e cariño,  
 para que o apertes nos teus brazos,  
 para que o acariñes no teu corazón,

para que llo ofrezas á Santísima Trindade  
como culto supremo de adoración,  
polo teu mesmo honor e gloria,  
e polas miñas necesidades e as do mundo enteiro.

Pídoche pois, Nai piadosísima,  
que me alcances o perdón de todos os pecados,  
unha axuda abundante para servir o teu Fillo  
e, por último, a graza final,  
para que o poida loar contigo  
por sempre eternamente. Amén.

### III. VIACRUCIS – CAMIÑO DA CRUZ

#### MONICIÓN

Mc 10, 17

*No preciso momento en que se puña en camiño, chegou un a correr, que se axeonllou diante del e que lle preguntou: Mestre bo, que teño que facer para acadar a vida eterna?*

Xesús respondeu a esta pregunta, que arde no máis íntimo do noso ser, percorrendo a vía da cruz. Contemplámoste, Señor, neste camiño que ti emprendiches antes ca ninguén e ao final do cal «puxeche a túa cruz como unha ponte cara á morte, de modo que os homes poidan pasar do país da morte ao da Vida» (San Efrén o Sirio, Homilía).

A chamada para seguirte diríxese a todos, en particular aos mozos e a cantos sofren polas divisións, as guerras ou a inxustiza e loitan por ser, no medio dos seus irmáns, signos de esperanza e artífices de paz.

Poñémonos por tanto diante túa con amor, presentámosche os nosos sufrimentos, diriximos a nosa mirada e o noso corazón á túa santa Cruz e, apoiándonos na túa promesa, rogámosche: «Bendito sexa o noso Redentor, que nos deu a vida coa súa morte. Oh, Redentor, realiza en nós o misterio da túa redención, pola túa paixón, morte e resurrección» (Liturxia maronita)

#### PRIMEIRA ESTACIÓN: Xesús é condenado a morte

**D/** Adorámoste, Cristo, e bendicímoste.

**T/** *Que pola túa santa Cruz redimiches o mundo.*

Mc 15, 12-13.15

*Pilato respondeu: E que fago eu con ese ao que lle chamades rei dos xudeus? A xente volveu berrar: Crucifícao!... Pilato, para compracer o pobo, soltou a Barrabás; e a Xesús, despois de o mandar azoutar, entregouno para que o crucificasen.*

**D/** Señor, pequei.

**T/** *Ten piedade e misericordia de min.*

## SEGUNDA ESTACIÓN: Xesús coa cruz ao lombo

**D/** Adorámoste, Cristo, e bendicímoste.

**T/** *Que pola túa santa Cruz redimiches o mundo.*

Mc 15, 20

*E despois de rírense del, quitáronlle a púrpura e puxéronlle a súa roupa. Despois levárono fóra, para o crucificaren.*

**D/** Señor, pequei.

**T/** *Ten piedade e misericordia de min.*

## TERCEIRA ESTACIÓN: Xesús cae por primeira vez

**D/** Adorámoste, Cristo, e bendicímoste.

**T/** *Que pola túa santa Cruz redimiches o mundo.*

Is 53, 5

*Pero foi ferido por causa das nosas rebeldías,  
foi esmagado polas nosas iniquidades.  
O castigo que nos trouxo a paz caeu sobre el,  
a súa ferida foi a nosa curación.*

**D/** Señor, pequei.

**T/** *Ten piedade e misericordia de min.*

## CUARTA ESTACIÓN: Xesús atopa a súa Nai

**D/** Adorámoste, Cristo, e bendicímoste.

**T/** *Que pola túa santa Cruz redimiches o mundo.*

Lc 2,34-35.51 b

*Bendiciunos Simeón e díxolle a María, a nai: -Mira, este está disposto para caída ou levantamento de moitos en Israel, para ser bandeira de discusión; e a ti mesma unha espada hache atravesar a alma: así ficarán descubertas as cavilacións de moitos corazóns... A nai conservaba todas estas cousas no seu corazón.*

**D/** Señor, pequei.

**T/** *Ten piedade e misericordia de min.*

## QUINTA ESTACIÓN: O Cireneo axuda a Xesús a levar a cruz

**D/** Adorámoste, Cristo, e bendicímoste.

**T/** *Que pola túa santa Cruz redimiches o mundo.*

Lc 23, 26

*Cando o levaban, botaron man dun certo Simón de Cirene, que viña da leira, e cargáronlle a cruz, para que a levase detrás de Xesús.*

**D/** Señor, pequei.

**T/** *Ten piedade e misericordia de min.*

## SEXTA ESTACIÓN: A Verónica enxuga o rostro de Xesús

**D/** Adorámoste, Cristo, e bendicímoste.

**T/** *Que pola túa santa Cruz redimiches o mundo.*

Sal 27,8-9

*Por ti dime o corazón:*

*- “Buscade a miña presenza”.*

*A túa presenza eu busco, Señor.*

*Non te escondas de min,*

*non me desbotes con ira.*

*Ti es a miña axuda; non me deixes,*

*non me abandones, Deus, meu salvador.*

**D/** Señor, pequei.

**T/** *Ten piedade e misericordia de min.*

## SÉTIMA ESTACIÓN: Xesús cae por segunda vez

**D/** Adorámoste, Cristo, e bendicímoste.

**T/** *Que pola túa santa Cruz redimiches o mundo.*

*Todos os que me ven fan burla de min,*

*torcendo os labios, movendo a cabeza...*

*Non te apartes de min, pois o perigo está preto,*

*e non hai quen acorra (Sal 21, 8.12).*

**D/** Señor, pequei.

**T/** *Ten piedade e misericordia de min.*

## OITAVA ESTACIÓN: Xesús atopa as mulleres de Xerusalén que choran por el.

**D/** Adorámoste, Cristo, e bendicímoste.

**T/** *Que pola túa santa Cruz redimiches o mundo.*

Lc 23, 27-28

*Ía tras eles unha chea de xente e mulleres batendo no peito e laiándose por el. Xesús, volvéndose a elas, díxolles: -Fillas de Xerusalén, non choredes por min: chorade máis ben por vós e polos vosos fillos.*

**D/** Señor, pequei.

**T/** Ten piedade e misericordia de min.

#### NOVENA ESTACIÓN: Xesús cae por terceira vez baixo o peso da cruz

**D/** Adorámoste, Cristo, e bendicímoste.

**T/** Que pola túa santa Cruz redimiches o mundo.

2 Co 5,14-15

*É o amor de Cristo o que nos preme, cando pensamos que, ao morrer un por todos, morreron todos; el morreu por todos, a fin de que os que viven xa non vivan para si, senón para o que morreu e resucitou por eles.*

**D/** Señor, pequei.

**T/** Ten piedade e misericordia de min.

#### DÉCIMA ESTACIÓN: Xesús é desposuído das súas vestiduras

**D/** Adorámoste, Cristo, e bendicímoste.

**T/** Que pola túa santa Cruz redimiches o mundo.

Sal 22,19

*Reparten os meus vestidos  
e botan ás sortes o meu manto.*

**D/** Señor, pequei.

**T/** Ten piedade e misericordia de min.

#### UNDÉCIMA ESTACIÓN: Xesús é cravado na cruz

**D/** Adorámoste, Cristo, e bendicímoste.

**T/** Que pola túa santa Cruz redimiches o mundo.

Xn 19, 16a.19

*Daquela, entregóullelo para que o crucificasen... Escribiu Pilato un título e púxoo na cruz. O escrito era: "Xesús o Nazareno, o Rei dos Xudeus".*

**D/** Señor, pequei.

**T/** Ten piedade e misericordia de min.

#### DUODÉCIMA ESTACIÓN: Xesús morre na cruz

**D/** Adorámoste, Cristo, e bendicímoste.

**T/** Que pola túa santa Cruz redimiches o mundo.

Lc 23, 46

*Entón Xesús pegou un berro moi alto e dixo: "Meu Pai! Nas túas mans entrego o meu espírito. E dicindo isto, morreu".*

**D/** Señor, pequei.

**T/** Ten piedade e misericordia de min.

#### DÉCIMO TERCEIRA ESTACIÓN: Xesús é baixado da cruz e entregado a súa Nai

**D/** Adorámoste, Cristo, e bendicímoste.

**T/** Que pola túa santa Cruz redimiches o mundo.

Xn 19, 26-27a

*Xesús, vendo a súa nai e, onda ela, o discípulo a quen amaba, díxolle á nai: "Muller, velaí o teu fillo". Despois díxolle o discípulo: "Velaí a túa nai".*

**D/** Señor, pequei.

**T/** Ten piedade e misericordia de min.

#### DÉCIMO CUARTA ESTACIÓN: Xesús é colocado no sepulcro

**D/** Adorámoste, Cristo, e bendicímoste.

**T/** Que pola túa santa Cruz redimiches o mundo.

Xn 19, 39-40

*Foi tamén Nicodemo -aquele que primeiramente viñera onda Xesús de noite-, levando unha mestura de mirra e áloe de case cen libras. Colleron o corpo de Xesús e, segundo é costume sepultar entre os xudeus, enfaixárono en panos, con aromas.*

**D/** Señor, pequei.

**T/** Ten piedade e misericordia de min.

Polas intencións do Romano Pontífice: Noso Pai...

## ORACIÓN FINAL (papa Francisco)

Señor Xesús, axúdanos a ver na túa Cruz todas as cruces do mundo; a cruz das persoas famentas de pan e de amor; a cruz das persoas soas e abandonadas polos seus propios fillos e parentes; a cruz das persoas sedentas de xustiza e de paz; a cruz das persoas que non teñen o consolo da fe; a cruz dos anciáns que se arrastran baixo o peso dos anos e a soidade; a cruz dos migrantes que atopan as portas pechadas a causa do medo e dos corazóns blindados por cálculos políticos; a cruz dos pequenos, feridos na súa inocencia e na súa pureza; a cruz da humanidade que vaga no escuro da incerteza e na escuridade da cultura do momentáneo; a cruz das familias rotas pola traizón, polas seducións do maligno ou pola homicida lixeireza do egoísmo; a cruz dos consagrados que buscan incansablemente portar a túa luz no mundo e que se senten rexeitados, ridiculizados e humillados; a cruz dos consagrados que no seu camiñar esqueceron o seu primeiro amor; a cruz dos teus fillos que, crendo en Ti e buscando vivir segundo a túa palabra, se atopan marxinados e descartados mesmo polos seus familiares e os seus coetáneos; a cruz das nosas debilidades, das nosas hipocrisías, das nosas traizóns, dos nosos pecados e das nosas numerosas promesas rotas; a cruz da túa Igrexa que, fiel ao teu Evanxeo, se fatiga para levar o teu amor tamén entre os mesmos bautizados; a cruz da Igrexa, a túa esposa, que se sente asaltada continuamente no interno e no externo; a cruz da nosa casa común que seriamente murcha baixo os nosos ollos egoístas e cegados pola cobiza e o poder.

Señor Xesús, reaviva en nós a esperanza da resurrección e da túa definitiva vitoria contra todo mal e toda morte. Amén!

## IV. SANTO ROSARIO

**D/** Polo sinal ✠ da santa cruz,  
dos nosos ✠ inimigos  
líbranos Señor, ✠ noso Deus.

No nome do Pai e do Fillo ✠  
e do Espírito Santo. Amén

### ACTO DE CONTRICIÓN

**T/** Meu Señor Xesucristo,  
verdadeiro Deus e verdadeiro home,  
meu Salvador e Redentor,  
por seres ti bondade infinita  
e porque te quero sobre todas as cousas,  
pésame ofenderte de todo corazón,  
pésame tamén porque me podes castigar  
coas penas do inferno.  
Prométoche, coa axuda da túa graza,  
nunca máis pecar, confesarme  
e cumprir a penitencia  
que me poñan. Amén.

**D/** Gloria ao Pai e ao Fillo e ao Espírito Santo.

**T/** *Como era no principio, agora e sempre, eternamente. Amén.*

### MISTERIOS GOZOSOS (luns e sábado)

**Primeiro misterio:** O anuncio do Anxo a nosa Señora.

Lc 1, 26-27

*Aos seis meses, Deus mandou o anxo Gabriel a unha vila chamada Nazaret, onde unha mociña prometida a un home da casa de David, que se chamaba Xosé; o nome da mociña era María.*

Noso Pai...  
Ave María... Santa María... (10 veces)  
Gloria...

**Segundo misterio:** A visitación da nosa Señora á súa curmá Santa Sabela.

Lc 1, 39-42

*Naqueles mesmos días saíu María con moita prisa camiño da montaña, a unha vila de Xudá. Entrou na casa de Zacarías e saudou a Isabel. E en oíndo Isabel o saúdo de María, o neno brincoulle no ventre. Entón, chea do Espírito Santo, exclamou Isabel, a grandes voces: “Bendita ti entre as mulleres e bendito o froito do teu ventre”.*

Noso Pai...

Ave María... Santa María... (10 veces)

Gloria...

**Terceiro misterio:** O nacemento do Fillo de Deus na cova de Belén.

Lc 2, 1-7

*Saíu daquela un decreto do emperador Augusto, ordenando o empadramento de todo o mundo. Foi o primeiro censo que se fixo; por entón era Quirino gobernador de Siria. E todos, en cadansúa cidade, fóronse empadroar.*

*Tamén subiu Xosé desde Galilea, da vila de Nazaret, ata Xudea, á vila de David chamada Belén, pois pertencía á casa e familia de David, para empadroarse con María, a súa muller, que estaba embarazada. E resultou que, estando alí, lle chegou o tempo do parto, e deu á luz o seu fillo primoxénito. Envolveuno nuns capizos e deitouno nunha manxadoira, na corte das bestas, porque dentro da pousada non había lugar para eles.*

Noso Pai...

Ave María... Santa María... (10 veces)

Gloria...

**Cuarto misterio:** A presentación de Xesús no templo e a purificación da nosa Señora.

Lc 2, 21-24

*Aos oito días tocaba circuncidar o neno e puxéronlle de nome Xesús, tal como o chamara o anxo antes da súa concepción.*

*E cando chegou o tempo da purificación, conforme á Lei de Moisés, levaron o neno a Xerusalén, para llo presentaren ao Señor (pois así está escrito na Lei do Señor: Todo varón primoxénito consagraredes ao Señor), e tamén para faceren unha ofrenda, conforme se di na Lei do Señor: Un par de rulas ou dous pombiños.*

Noso Pai...

Ave María... Santa María... (10 veces)

Gloria...

**Quinto misterio:** O Neno perdido e atopado no templo.

Lc 2, 41-47

*Polas festas da Pascua os seus pais ían todos os anos a Xerusalén. E así, cando o neno tivo doce anos, subiron á festa, conforme á tradición. Pasados aqueles días, cando eles volvían, o neno Xesús quedou en Xerusalén, sen que os seus pais se decatasen. Coidando que iría na comitiva, fixéron unha xornada de camiño; entón buscárono entre os parentes e coñecidos. Pero como non deron con el, volveron a Xerusalén para buscalo. E resulta que, ao cabo de tres días, o atoparon no templo, sentado no medio dos doutores e dialogando con eles. Todos os que o escoitaban estaban asombrados do seu talento e das súas contestacións.*

Noso Pai...

Ave María... Santa María... (10 veces)

Gloria...

**MISTERIOS LUMINOSOS** (xoves)

**Primeiro misterio:** O Bautismo de Xesús no río Xordán.

Mt 3,16-17

*Tan pronto como foi bautizado, Xesús saíu da auga. E velaí que se abriron os ceos, e viu o Espírito de Deus baixar como unha pomba ata se pousar enriba del. E oíuse desde o ceo unha voz que dicía:*

*“Este é o meu fillo benquerido, o predilecto”.*

Noso Pai...

Ave María... Santa María... (10 veces)

Gloria...

**Segundo misterio:** A conversión da auga en viño nas vodas de Caná.

Xn 2, 1-5

*O terceiro día houbo un casamento en Caná de Galilea, e estaba alí a nai de Xesús. Tamén foi convidado Xesús e mais os seus discípulos ao casamento. Chegou a faltar o viño e a nai de Xesús díxolle: “Non che teñen viño. Replicoulle Xesús: Muller, que ten que ver iso comigo e contigo? Aínda non chegou a miña hora”. A súa nai díxolles entón aos servidores: “Facede o que el vos diga”.*

Noso Pai...

Ave María... Santa María... (10 veces)

Gloria...

**Terceiro misterio:** O anuncio do reino de Deus.

Mc 1, 15

*O tempo está cumprido, e chega o Reino de Deus; convertédevos, e crede na Boa Nova.*

Noso Pai...  
Ave María... Santa María... (10 veces)  
Gloria...

**Cuarto misterio:** A Transfiguración do noso Señor Xesucristo.

Mt 17, 1-2

*Seis días despois colleu Xesús a Pedro, a Santiago e a Xoán, o seu irmán, e subiu con eles sós a un monte alto. Alí transfigurouse diante deles; o seu rostro resplandecía coma o sol, e os seus vestidos viraron brancos coma a luz.*

Noso Pai...  
Ave María... Santa María... (10 veces)  
Gloria...

**Quinto misterio:** A institución da Eucaristía.

Mt 26, 26)

*Mentres estaban a comer, Xesús colleu pan e, dando grazas, partiuno e déullelo aos seus discípulos, dicindo: “Tomade e comed: isto é o meu corpo”.*

Noso Pai...  
Ave María... Santa María... (10 veces)  
Gloria...

**MISTERIOS DE DOR** (martes e venres)

**Primeiro misterio:** A oración de Xesús no horto das oliveiras.

Mt 26, 36-39

*Entón chegou Xesús cos seus discípulos a un terreo chamado Xetsemaní e díxolles: Sentade aquí mentres eu vou orar. E, levando consigo a Pedro e mais os dous fillos do Zebedeo, empezou a poñerse triste e a sentirse fondamente angustiado. E díxolles: “Morro de tristura; quedade aquí, e vixiade comigo”. E avantando un pouco, caeu rostro en terra, mentres rogaba: “Meu Pai, se é posible, arreda de min este cáliz. Pero non se faga o que eu quero, senón o que queres ti”.*

Noso Pai...  
Ave María... Santa María... (10 veces)  
Gloria...

**Segundo misterio:** A flaxelación do noso Señor Xesucristo atado á columna.

Xn 19,1-3

*Entón Pilato colleu a Xesús e mandouno azoutar. Os soldados, tecendo unha coroa con espiños, puxéronlla na cabeza, vestíronlle un manto de púrpura, e, inclinándose diante del, dicíanlle: “Salve, Rei dos Xudeus!”. E dábanlle labazadas.*

Noso Pai...  
Ave María... Santa María... (10 veces)  
Gloria...

**Terceiro misterio:** A coroación de espiños.

Mt 27, 27-29

*Os soldados do gobernador levaron a Xesús ao Pretorio, e reuniron toda a compañía. Espírono, botáronlle enriba un manto escarlata; e, trenzando unha coroa de espiños, puxéronlla na cabeza, e na man dereita unha cana. Axeonllándose diante del, dicíanlle moqueándose: Saúde, rei dos xudeus!*

Noso Pai...  
Ave María... Santa María... (10 veces)  
Gloria...

**Cuarto misterio:** Xesucristo coa cruz ás costas camiño do Calvario.

Mc 15, 21-22

*Pasaba por alí Simón de Cirene, que volvía do campo, o pai de Alexandre e de Rufó, e obrigárono a cargar coa cruz. Levárono a un lugar chamado Gólgota, ou sexa, lugar da Caveira.*

Noso Pai...  
Ave María... Santa María... (10 veces)  
Gloria...

**Quinto misterio:** A crucifixión e morte do noso Señor Xesucristo.

Lc 23, 33-34.44-46

*E cando chegaron ao lugar chamado “A Caveira”, crucificárono alí; e con el aos dous bandidos: un á dereita e outro á esquerda del. Xesús dicía: Meu Pai, perdóaos que eles non saben o que fan... Chegado o mediodía, a escuridade cubriu a terra ata a media tarde. Pois houbo unha eclipse de sol. E o veo do Santuario rachou polo medio. Entón Xesús pegou un berro moi alto e dixo: “Meu Pai! Nas túas mans entrego o meu espírito”. E dicindo isto, morreu.*

Noso Pai...  
Ave María... Santa María... (10 veces)  
Gloria...

## MISTERIOS DE GLORIA (mércores e domingo)

**Primeiro misterio:** A resurrección do Fillo de Deus.

Lc 24, 1-6

*A madrugada do primeiro día da semana foron ao sepulcro, levando os perfumes que tiñan preparados. Pero atoparon quitada a lousa, arredada do sepulcro. Entraron, e viron que o corpo do Señor non estaba alí. Entón, mentres estaban todas perplexas por aquilo, apareceron dous homes con vestidos resplandecentes. Cheas de medo, miraban para o chan; pero eles preguntaron: “Por que buscadeis entre os mortos a quen está vivo? Non está aquí; resucitou”.*

Noso Pai...  
Ave María... Santa María... (10 veces)  
Gloria...

**Segundo misterio:** A Ascensión do Señor aos ceos.

Mc 16, 19

*O Señor, despois de lles falar así, elevouse ao ceo, e sentou á dereita de Deus.*

Noso Pai...  
Ave María... Santa María... (10 veces)  
Gloria...

**Terceiro misterio:** A vinda do Espírito.

Hch 2, 1-4

*Cando se cumpriron os días de Pentecoste, estaban todos xuntos no mesmo sitio. De súpeto, veu do ceo un ruído coma dun forte golpe de vento, que encheu toda a casa onde estaban; e apareceron talmente coma linguas de lume, que, repartidas, foron pousando unha sobre cada un deles. Quedaron cheos do Espírito Santo e puxéronse a falar noutras linguas, conforme lles concedía o Espírito.*

Noso Pai...  
Ave María... Santa María... (10 veces)  
Gloria...

**Cuarto misterio:** A Asunción da nosa Señora aos ceos.

Lc 1, 48-49

*Porque reparou na súa humilde escraviña. Velaí: desde agora todas as xeracións me van felicitar. Marabillas o Poderoso fixo en min!*

Noso Pai...  
Ave María... Santa María... (10 veces)  
Gloria...

**Quinto misterio:** A coroación da nosa Señora como Raíña e Señora de toda a creación.

Ap 12, 1

*E apareceu no ceo un gran sinal: unha muller vestida co sol, coa lúa baixo os seus pés e, na cabeza, unha coroa de doce estrelas.*

Noso Pai...  
Ave María... Santa María... (10 veces)  
Gloria...

## LADAÍÑAS LAURETANAS ACTUALIZADAS

Señor, ten piedade. **(Repetir)**  
Cristo, ten piedade.  
Señor, ten piedade.

Cristo, óenos.  
Cristo, escóitanos.  
Deus, Pai celestial. **ten piedade de nós.**

Deus, Fillo, Redentor do mundo,  
Deus, Espírito Santo,

|                         |                      |                     |
|-------------------------|----------------------|---------------------|
| Santa María,            | <b>roga por nós.</b> |                     |
| Santa Nai de Deus,      |                      | Virxe poderosa,     |
| Santa Virxe das Virxes, |                      | Virxe clemente,     |
| Nai de Cristo,          |                      | Virxe fiel,         |
| Nai da Igrexa,          |                      |                     |
| Nai da Misericordia,    |                      | Espello de xustiza, |
| Nai da divina graza,    |                      | Trono da sabedoría, |



Naí da Esperanza,  
Naí purísima,  
Naí castísima,  
Naí sempre virxe,  
Naí inmaculada,  
Naí amable,  
Naí admirable,  
Naí do bo consello,  
Naí do Creador,  
Naí do Salvador,  
Naí de misericordia,

Virxe prudentísima,  
Virxe digna de veneración,  
Virxe digna de encomio,  
Auxilio dos cristiáns,  
Raíña dos Ánxeles,  
Raíña dos Patriarcas,  
Raíña dos Profetas,  
Raíña dos Apóstolos,  
Raíña dos Mártires,  
Raíña dos Confesores,  
Raíña das Virxes,

Santísima Trindade, un só Deus.

Año de Deus, que quitas o pecado do mundo, *perdóanos, Señor.*

Año de Deus, que quitas o pecado do mundo, *escóitanos, Señor.*

Año de Deus, que quitas o pecado do mundo, *ten misericordia de nós.*

Roga por nós, Santa Nai de Deus.

*Para que sexamos dignos das promesas de Xesucristo.*

## ORACIÓN

Rogámosche que nos concedas,  
Señor Deus noso,  
gozar de continua saúde de alma e corpo,  
e pola gloriosa intercesión  
da benaventurada sempre Virxe María,  
vernos libres das tristeszas da vida presente  
e gozar das alegrías eternas.  
Por Xesucristo, noso Señor. *Amén.*

Causa da nosa alegría,  
Vaso espiritual,  
Vaso digno de honra,  
Vaso de insigne devoción,  
Rosa mística,  
Torre de David,  
Torre de marfil,  
Casa de ouro,  
Arca da Alianza,  
Porta do ceo,  
Estrela da mañá,  
Saúde dos enfermos,  
Refuxio dos pecadores,  
Socorro dos migrantes,  
Consoladora dos aflixidos,  
Raíña de todos os Santos,  
Raíña concibida sen pecado orixinal,  
Raíña asunta aos Ceos,  
Raíña do Santísimo Rosario,  
Raíña da familia,  
Raíña da paz.

## V. ORACIÓN POLOS DEFUNTOS

### 1. NA CASA OU NO TANATORIO

(Esta oración pode facela un familiar ou un presbítero, persoalmente ou de xeito comunitario).

**V/** No nome do Pai e do Fillo ✠ e do Espírito Santo. Amén.

**V/** Coa esperanza posta en Cristo resucitado acompañamos á familia de **N.** que hoxe sofre pola súa morte, e elevamos, confiando na promesa da Vida Eterna, a nosa oración ao Deus da Vida, pedindo que o (a) acolla no seu descanso e sexa misericordioso coas faltas que, ao longo da súa vida, puidese cometer. Oramos respondendo a cada estrofa deste salmo dicindo:

**T/** *O Señor é o meu pastor, nada me falta.*

O Señor é o meu pastor, nada me falta:

en verdes praderías faime recostar.

Condúceme cara a fontes tranquilas e repara as miñas forzas;

guíame polo carreiro xusto, pola honra do seu nome. **T/**

Aínda que camiñe por canellas escuras, nada temo,

porque ti vas comigo:

a túa vara e o teu caxato son o meu consolo. **T/**

Preparas unha mesa ante min,

en fronte dos meus inimigos;

únxesme a cabeza con perfume,

e a miña copa reborda. **T/**

A túa bondade e a túa misericordia acompañanme

todos os días da miña vida,

e habitarei na casa do Señor por anos sen termo. **T/**

Gloria ao Pai e ao Fillo e ao Espírito Santo.

Como era no principio, agora e sempre,

polos séculos dos séculos. Amén. **T/**

## Escoitamos a Palabra de Deus:

(Lense os textos amodo e deixando un silencio meditativo entre un e outro)

Xn 6,35.40

Dinos Xesús: *Xesús respondeulles: Eu son o pan da vida: quen vén onda min, non pasará fame, e quen cre en min, endexamais terá sede... Esta é, polo tanto, a vontade do meu Pai: que todo aquel que ve ao Fillo e cre nel, teña vida eterna, e eu resucitareino no derradeiro día.*

Xn 11,25-26a

Dinos Xesús: *Díxolle Xesús: Eu son a resurrección e a vida. Quen cre en min, aínda que morra, vivirá; e todo o que vive e cre en min, non morrerá endexamais.*

Xn 14, 1-3

Dinos Xesús: *Non vos angustiedes: crede en Deus e mais crede en min. Na casa do meu Pai hai moitas moradas; doutro xeito, diríavos que vos ía arranxar un lugar? E cando vaia e vos arranxe un lugar, volverei e collereivos comigo, para que, onde estea eu, esteades vós tamén.*

Xn 15, 16

Dinos Xesús: *Non me escollestes vós a min, senón que vos escollín eu a vós; e púxenvos para que vaiades e levedes froito e o voso froito permaneza; de xeito que todo o que lle pidades ao Pai no meu nome, volo conceda.*

### Súplicas:

Desde a nosa humildade elevamos a nosa pregaría a Deus polo noso/a irmán/irmá. Respondemos agora a cada petición dicindo: **Escóitanos, Pai.**

1. Oh, Deus, premia coa luz da túa presenza todo o ben que fixo o noso irmán (a nosa irmá) mentres viviu entre nós. Oremos. **R/**
2. Oh, Deus, pola túa bondade e misericordia, perdoa todas as faltas que puidese cometer por debilidade humana. Oremos. **R/**
3. Oh, Deus, faino(a) gozar da paz, o gozo e o descanso. Oremos. **R/**
4. Oh, Deus, fai realidade todas as ilusións, soños e desexos que o(a) guiaron no camiño da vida. Oremos. **R/**
5. Oh, Deus, fai que comparta por sempre a resurrección de Xesús e a forza transformadora do Espírito e que nos axude a acougar e serenar os nosos corazóns sabendo que xa goza eternamente da túa presenza. Oremos. **R/**

6. Oh, Deus, acolle no teu descanso a todos os nosos familiares, amigos e benfeitores defuntos, e lémbrete, pola túa misericordia, daqueles de quen ningún se acorda. **R/**

(Pódense engadir outras libremente)

Todos xuntos oramos como o mesmo Xesús nos ensinou: *Noso Pai...*

Invoquemos agora todos xuntos a María, Nai de Deus, Nai da Igrexa e Nai de todos dicindo: *Ave María... Santa María...*

(Pola páxina onde se atopan nas oración do cristián)

### Oremos:

Pedímosche, Pai de bondade, que escoites a nosa oración por **N**. Sabemos pola fe que está chamado(a) a participar da alegría eterna que ti queres para todos. Ti que o(a) creaches a imaxe túa e o(a) amas como fillo(a) ben querido(a), fai que viva na felicidade do teu Reino, onde esperamos atoparnos todos xuntos para sempre. Por Xesucristo o noso Señor.

**T/ Amén**

Concluimos lembrando a todos os nosos defuntos:

**V/** Señor, concédelles o descanso eterno.

**T/ E brille sobre eles a luz eterna.**

**V/** Descansen en paz.

**T/ Amén.**

**V/** Pola misericordia de Deus, o(a) noso(a) irmán (irmá) e todos os fieis defuntos descansen en paz.

**T/ Amén.**

**V/** No nome do Pai, do Fillo ✠ e do Espírito Santo. Amén.

### 2. PARA REZAR NO CEMITERIO

(Esta oración pode rezarse no momento da inhumación do corpo ou noutro momento no que se vai rezar polos defuntos ao cemiterio, ben por un presbítero, un diácono ou un leigo).

**V/** No nome do Pai e do Fillo ✠ e do Espírito Santo. Amén.

## MONICIÓN

Atópome (atopámonos) hoxe neste cemiterio para lembrar o(s) noso(s) irmán(s) que morreu (morreron) na paz de Cristo e confíalo(confíalos), con fe e esperanza, ao amor de Deus Pai. Pidamos, pois, agora a Deus que o(os) creou, que o(os) alegre tamén no banquete do seu reino e que poida (poidan) gozar, cos santos e elixidos, dos premios eternos.

## ORACIÓN

Autor da vida, acórdate do noso (dos nosos) irmán (irmáns), familiares e benfeitores que, confiando en ti, foron ao teu descanso eterno; e, xa que este primeiro mundo acabou para eles, alégroas agora no teu paraíso, onde xa non hai pranto nin loito nin dor, senón paz e alegría co teu Fillo e o Espírito Santo polos séculos dos séculos.

**R/** Amén.

## LECTURA DA PALABRA DE DEUS

### Lectura do Santo Evanxeo segundo san Xoán (6,37-40)

*Naquel tempo, díxolle Xesús á xente:*

– «*Todo o que me dá o Pai virá a min, e ao que veña a min non o botarei fóra, porque baixei do ceo, non para facer a miña vontade, senón a vontade do que me enviou.*

*Esta é a vontade do que me enviou: que non perda nada do que me deu, senón que o resucite no último día.*

*Esta é a vontade do meu Pai: que todo o que ve o Fillo e cre nel teña vida eterna, e eu resucitareino no último día».*

Palabra do Señor

**T/** Loámoste, Cristo.

## ORACIÓN DOS FIEIS

Cara a ti, Señor, levantamos os nosos ollos; contempla a nosa dor, fortalece a nosa fe e concédelle(lles) ao(aos) noso(nosos) irmán(irmáns) defunto(defuntos) o descanso eterno. A cada súplica respondemos dicindo: **Pedímoscho, Señor.**

1.- Ti que resucitaches aos mortos, concédelle(lles) a vida eterna ao(aos) noso(nosos) irmán(irmáns). **R/**

2.- Ti que desde a cruz lle prometiches o paraíso ao bo ladrón, acolle os nosos irmáns no teu reino. **R/**

3.- Ti que experimentaches a dor da morte e resucitaches gloriosamente do sepulcro, concédelles aos nosos irmáns a vida feliz da resurrección. **R/**

4.- Ti que choraches ante a tumba do teu amigo Lázaro, dignate enxugar as bágoas dos que choramos a morte dos nosos irmáns. **R/**

**V/** Señor, ten piedade. **R/**

**V/** Cristo, ten piedade. **R/**

**V/** Señor, ten piedade. **R/**

**V/** *Noso Pai... Ave María... Gloria.* (Pola páxina onde están nas oracións do cristián)

**V/** Señor, ten piedade, **R/**

**V/** Cristo, ten piedade, **R/**

**V/** Señor, ten piedade **R/**

## ORACIÓN E RESPONSO FINAL

Escoita, Señor, as nosas súplicas e fai que o (os) teu (teus) servo (servos), que saíu (saíron) deste mundo, perdoado (perdoados) dos seus pecados e libre (libres) de toda pena, goce (gocen) xunto a ti da vida inmortal; e, cando chegue o gran día da resurrección e do premio, colócao (colócaos) entre os teus santos e elixidos. Por Xesucristo, o noso Señor.

**R/** Amén.

**V/** Señor, ✠ dálles o descanso eterno.

**R/** *E brille sobre eles a luz eterna.*

**V/** Descansen en paz.

**R/** *Amén.*

**V/** Pola misericordia de Deus, o (a) noso (a) irmán (irmá) e todos os fieis defuntos descansen en paz.

**R/** *Amén.*

**V/** Bendigamos ao Señor.

**R/** *Deámoslle grazas a Deus.*



## RITO BREVE DE BENDICIÓN QUE SE REFIREN DIRECTAMENTE ÁS PERSOAS

### A. Dos esposos

#### INVOCACIÓN

V/. O noso auxilio é o nome do Señor.

R/. Que fixo o ceo e a terra.

#### LECTURA BREVE

M 10, 8-9

De xeito que xa non son dous, senón unha soa carne. Polo tanto, o que Deus uniu, que non o separe o home.

#### BENDICIÓN

Daquela o ministro, coas mans estendidas, se é sacerdote ou diácono, pola contra, coas mans xuntas, di a adecuada oración de bendición, elixindo a fórmula segundo as circunstancias.

*a) No aniversario anual e nos xubileus (XXV, L, LX):*

Loámoste e bendicímoste, oh, Deus, creador de todas as cousas, que ao principio creaches o home e a muller para que formasen unha unidade de vida e de amor; tamén che damos grazas, porque te dignaches bendicir a unión familiar dos teus servidores N. e N., para que fosen imaxe da unión de Cristo coa súa Igrexa; ti que os mantiveches unidos polo amor nas súas penas e alegrías, míraos hoxe con benevolencia; renova constantemente a súa alianza nupcial, acrecenta o seu amor, fortalece o seu vínculo de paz, para que (xunto con esta coroa de fillos que os rodea) gocen sempre da túa bendición. Por Xesucristo, noso Señor.

R/. Amén.

### b) *Noutras circunstancias*

Oh, Deus, que de tal modo dignificaches a indisoluble alianza matrimonial que a convertiches en signo da unión nupcial de Cristo, o teu Fillo, coa Igrexa, mira con bondade estes servidores teus **N.** e **N.**, que, unidos polo matrimonio, imploran a túa axuda e a intercesión da Virxe María; que o seu amor vaia madurando nas alegrías e nas tristezas, axudándose mutuamente e esforzándose por manter a unidade do Espírito co vínculo da paz; que no traballo atopen o gozo da túa axuda, na necesidade sintan próximo o teu consolo e atopen en ti a fonte dunha alegría sempre renovada. Por Xesucristo, noso Señor.

R/. Amén.

### B. Dos anciáns que non saen da súa casa

#### INVOCACIÓN

V/. O noso auxilio é o nome do Señor.

R/. Que fixo o ceo e a terra.

#### LECTURA BREVE

Sb 4, 8-9

A ancianidade venerable non é a lonxevidade nin se mide por número de anos. Cabeza cana é para os humanos a prudencia a vellez madura unha vida inmaculada.

#### BENDICIÓN

Daquela o ministro, se é sacerdote ou diácono, segundo as circunstancias, estendendo as mans sobre o ancián, ou facendo o sinal da cruz na súa fronte, pola contra coas mans xuntas, di a oración de bendición:

Señor, Deus todopoderoso, que lle deches a este servidor teu unha dilatada ancianidade, concédelle a túa bendición, para que sinta a doxura da túa compañía; que ao lembrar o pasado a túa misericordia o console, e ao mirar cara ao futuro a esperanza o sosteña. Por Xesucristo, noso Señor.

R/. Amén.

### C. Dos enfermos

#### INVOCACIÓN

V/. O noso auxilio é o nome do Señor.

R/. Que fixo o ceo e a terra.

#### LECTURA BREVE

2 Co 1, 3-4

Bendito sexa Deus, Pai do noso Señor Xesucristo, Pai misericordioso e Deus de toda consolación. El anímanos en todas as nosas mágoas, de xeito que poidamos nós animar os outros en calquera aflición.

#### BENDICIÓN

Daquela o ministro, se é sacerdote ou diácono, impondo as mans, segundo as circunstancias, sobre o enfermo, ou, se é laico, facendo o sinal da cruz na súa fronte, di a oración de bendición:

Señor, Pai santo, Deus todopoderoso e eterno, que coa túa bendición levantas e fortaleces a nosa fráxil condición, mira con bondade este servidor teu **N.**; aparta del a enfermidade e devólvelle a saúde, para que, agradecido, bendiga o teu santo Nome. Por Xesucristo, noso Señor.

R/. Amén.

### D. Bendición dun ministro ocasional para a distribución da sagrada comunión

1. Os bispos diocesanos teñen a facultade de permitirlle a cada un dos sacerdotes que exercen os sagrados ministerios designar unha persoa idónea que, en caso de verdadeira necesidade e ocasionalmente, distribúa a sagrada comunión.
2. A persoa designada nestes casos para distribuír ocasionalmente a sagrada comunión debe recibir o mandato segundo o rito que segue.
3. Despois de que o sacerdote celebrante comungou, o ministro extraordinario achégase ao altar e permanece en pé ante o sacerdote, que o bendí con estas palabras:

Que o Señor te bendiga ✠ para distribuírlles agora aos teus irmáns o Corpo de Cristo.

E este responde:

Amén.

4. Se o ministro extraordinario vai recibir a comunión, o sacerdote dálle, despois o sacerdote entrégalle a patena coas hostias ou o cáliz e, xuntamente con el, distribúelles a comunión aos fieis.

### E. Dos peregrinos

#### INVOCACIÓN

V/. O noso auxilio é o nome do Señor

R/. Que fixo o ceo e a terra

#### LECTURA BREVE

Is 2, 2-5

Á fin dos días será creado o monte da Casa do Señor. Vede: será levantado por enriba dos montes e mais cos petoutos, e xuntaranse. Irán a el pobos numerosos que dirán: “Vinde, subamos ao monte do Señor, á casa do Deus de Xacob, para que nos mostre os seus camiños, e camiñemos polos seus vieiros. Vede: de Sión sairá a Lei, a Palabra do Señor sairá de Xerusalén”. Xulgará os preitos entre as xentes, decidirá o que é xusto entre os pobos. Coas espadas forxarán arados; coas lanzas, podas. Non levantará un pobo contra outro a espada, nin aprenderán de novo a facer a guerra. Casa de Xacob, ven; vaiaos e camiñemos á luz do Señor!

#### BENDICIÓN

Daquela, o que preside di a oración de bendición:

Deus todopoderoso, que lles outorgas a túa misericordia aos que te aman e en ningún lugar estás lonxe dos que te buscan, asiste os teus servidores que emprenden esta piadosa peregrinación e dirixe o seu camiño segundo a túa vontade; que de día os cubra a túa sombra protectora e de noite os alumee a luz da túa graza, para que, acompañados por ti, poidan chegar felizmente ao lugar do seu destino. Por Xesucristo, noso Señor.

R/. Amén.

### F. Dos que van emprender unha viaxe

#### INVOCACIÓN

V/. O noso auxilio é o nome do Señor.

R/. Que fixo o ceo e a terra.

#### LECTURA BREVE

Tb 4, 19 a

En toda ocasión, bendí o Señor o teu Deus e pídelles que faga rectos os teus camiños e que te faga saír airoso de todas as túas empresas e proxectos.

#### BENDICIÓN

Daquela, o que preside di a oración de bendición:

Deus bendíganos con toda clase de bendicións celestiais e dispoña felizmente os nosos camiños, para que, entre as vicisitudes desta vida, poidamos experimentar sempre a súa divina protección. Por Xesucristo, noso Señor.

R/. Amén.

### RITO BREVE DE BENDICIÓN DUNHA CASA

#### INVOCACIÓN

V/. O noso auxilio é o nome do Señor.

R/. Que fixo o ceo e a terra.

#### LECTURA BREVE

Lc 10, 5-9

Cando entredes nunha casa, antes de máis nada dicide: “Paz a esta casa”. E se alí hai xente de paz, sobre ela repousará a vosa paz; se non a hai, volverá convosco. Permanecede na mesma casa, comendo e bebendo do que teñan, que o obreiro ten dereito ao seu xornal. Non andedes dunha casa para outra. Cando entredes nunha vila e vos acollan, comedo do que vos poñan, curade os enfermos que haxa e dicídelles: “Xa chega a vós o Reino de Deus”.

## BENDICIÓN

O ministro, se é sacerdote ou diácono, coas mans estendidas, pola contra, coas mans xuntas, engade:

Asiste, Señor, estes servidores teus que, ao inaugurar (hoxe) esta vivenda, implo-  
ran humildemente a túa bendición, para que, cando vivan nela, sintan a túa presen-  
za protectora; cando saian, gocen da túa compañía; cando regresen, experimenten  
a alegría de terte como hóspede, ata que cheguen felizmente á estancia preparada  
para eles na casa do teu Pai. Ti que vives e reinas por sempre eternamente.

R/. Amén.

Despois da oración de bendición, o ministro esparéxelles auga bendita aos presen-  
tes e a casa, dicindo, segundo as circunstancias:

Que esta auga nos lembre o noso bautismo en Cristo, que nos redimiu coa súa  
morte e resurrección.

R/. Amén.

### RITO BREVE DE BENDICIÓN DOS ANIMAIS E DOS CAMPOS

#### INVOCACIÓN

V/. O noso auxilio é o nome do Señor.

R/. Que fixo o ceo e a terra.

#### LECTURA BREVE

Gn 2, 20a (animais)

O home púxolles nomes aos animais domésticos, aos paxaros do ceo e ás feras do  
monte.

Gn1 , 1.11 (campos)

No principio creou Deus o ceo e a terra. Mandou Deus que a terra xermolase her-  
ba verde, plantas coa súa semente e árbores que desen froitos, cada unha coa súa  
semente, conforme á súa especie. E así foi.

## BENDICIÓN

a) *Para os animais*

Daquela, o ministro (se é laico coas mans xuntas) di a oración de bendición:

Oh, Deus, que todo o fixeches con sabedoría, e que, despois de crear o home á túa  
imaxe, lle deches, coa túa bendición, o dominio sobre todos os animais, estende  
a túa man con benevolencia e concédenos que estes animais nos sirvan de axu-  
da, e nós, os teus servidores, axudados cos bens presentes, busquemos con máis  
confianza o futuro. Por Xesucristo, noso Señor.

R/. Amén.

Segundo as circunstancias, o ministro esparéxelles auga bendita aos presentes e  
aos animais.

b) *Para os campos*

Daquela, o ministro, se é laico, coas mans xuntas, di a oración de bendición:

Señor, Pai santo, que lle mandaches ao home que gardase e cultivase a terra,  
suplicámosche con humildade que nos concedas sempre colleitas abundantes, lles  
deas fertilidade ás nosas plantacións, e, afastando dos nosos campos as tormentas  
e a sarabia, as sementes poidan xermolar con abundancia. Por Xesucristo, noso  
Señor.

R/. Amén.

Segundo as circunstancias, o ministro esparéxelles auga bendita aos presentes e  
aos campos.

### RITO DE BENDICIÓN DA AUGA

O ministro, ante o recipiente de auga que vai ser bendicida, di a oración de bendición:

Señor, Deus todopoderoso e eterno,  
Ti es fonte e orixe de toda vida,  
tanto da alma como do corpo.  
Rogámosche que bendigas ✠ esta auga,  
que recibimos con fe,



para implorar o perdón dos nosos pecados  
e para pedir a axuda da túa graza  
contra toda enfermidade do corpo  
e contra as tentacións do inimigo.  
Señor, pola túa misericordia,  
naza sempre en nós  
a auga viva da salvación  
para poder chegar onda ti con corazón limpo  
e vencer todos os perigos da alma e do corpo.  
Por Xesucristo, noso Señor.

No tempo de Pascua pódese empregar esta oración de bendición:

Deus todopoderoso,  
Ti renovas as maravillas da creación e da redención  
polos sacramentos da fe.  
Bendí ✠ esta auga  
e concédelles aos renacidos no bautismo  
ser menxaseiros e testemuñas da Pascua  
que sen cesar se renova na túa Igrexa.  
Por Xesucristo, noso Señor.

### RITO BREVE DE BENDICIÓN DOS OBXECTOS DESTINADOS Á PIEDADE E DEVOCIÓN

#### INVOCACIÓN

V/. O noso auxilio é o nome do Señor.

R/. Que fixo o ceo e a terra.

#### LECTURA BREVE

Col 3, 17

E todo canto fagades, de palabra ou de obra, facédeo para honra de Xesús, o Señor,  
dándolle grazas a Deus Pai por medio del.

#### BENDICIÓN

Daquela, o celebrante di, coas mans estendidas:

Bendito sexas, Señor, fonte e orixe de toda bendición, que te compraces na piedade sincera dos teus fieis; pedímosche que atendas aos desexos dos teus servidores e lles concedas que, levando consigo estes signos de fe e de piedade, se esforcen por irse transformando na imaxe do teu Fillo. Que vive e reina polos séculos dos séculos.

R/. Amén.

#### FÓRMULA BREVE

En determinadas circunstancias, o sacerdote ou o diácono poden empregar a seguinte fórmula breve:

No nome do Pai e do Fillo ✠ e do Espírito Santo.

R/. Amén.

### RITO BREVE DE BENDICIÓN DUN VEHÍCULO

#### INVOCACIÓN

V/. Noso auxilio é o nome do Señor.

R/. Que fixo o ceo e a terra.

#### LECTURA BREVE

Jn 14, 6

Xesús respondeulle: “Eu son o camiño, a verdade e a vida: ninguén chega onda o Pai máis ca por min”.

#### BENDICIÓN

Daquela, o ministro, se é sacerdote ou diácono, coas mans estendidas, se é laico, coas mans xuntas, di a oración de bendición:

Deus todopoderoso, creador do ceo e a terra, que, na túa gran sabedoría, encomendácheslle ao home facer cousas grandes e fermosas, pedímosche polos que usen este vehículo: que percorran o seu camiño con precaución e seguridade, eviten toda imprudencia perigosa para os outros, e, tanto se viaxan por pracer ou por ne-

cesidade, experimenten sempre a compañía de Cristo, que vive e reina por sempre eternamente.

R/. Amén.

## RITO BREVE DE BENDICIÓN PARA DIVERSAS OCASIÓN

### INVOCACIÓN

V/. O noso auxilio é o nome do Señor.

R/. Que fixo o ceo e a terra.

### LECTURA BREVE

1Tim 4, 4-5

Porque todo o que Deus creou é bo e nada é rexeitable, cando se colle con gratitude, porque o santifica a palabra de Deus e a oración.

### BENDICIÓN

O ministro, se é sacerdote ou diácono, coas mans estendidas, se é laico, coas mans xuntas, di:

#### a) *Para as cousas creadas*

Bendito sexas, oh, Deus, Creador do universo, que fixeches boas todas as cousas e lle confiaches a terra ao home para que a cultivase; fai que usemos sempre con agradecemento as cousas que ti creaches e que, conscientes de que son un don teu, saibamos compartilas cos necesitados, na caridade de Cristo, o noso Señor, que vive e reina por sempre eternamente.

R/. Amén.

#### b) *Para as cousas feitas pola man do home*

Deus todopoderoso e eterno, que sometiches ao home o mundo creado para que nos axudásemos mutuamente pola caridade, dínate atender ás nosas súplicas, coas cales imploramos a túa bendición sobre os que usarán estas cousas segundo a súa necesidade, para que sempre te recoñezan a ti como o ben supremo e amen os seus irmáns con sincero corazón. Por Xesucristo, noso Señor.

R/. Amén.

#### c) *Para determinadas circunstancias da vida*

Concédelles, Señor, aos teus fieis atopar seguridade e riqueza na abundancia das túas misericordias e fai que, protexidos pola túa bendición, se manteñan en continua acción de grazas e te bendigan rebosantes de alegría. Por Xesucristo, noso Señor.

R/. Amén.

### Ou ben:

Conforta, Señor, os teus fieis coa bendición que imploramos de ti, para que nunca nos apartemos da túa vontade e sempre poidamos agradecer os teus beneficios. Por Xesucristo, noso Señor.

R/. Amén.

### CONCLUSIÓN

O ministro, se é sacerdote ou diácono, conclúe o rito dicindo:

Deus, bendito a través de todo, bendígavos por Cristo en todo, para que todo vos sirva para o ben.

R/. Amén.

Bendígavos Deus Todopoderoso, Pai, Fillo ✠ e Espírito Santo

R/. Amén.

Se o ministro é laico, conclúe o rito persignándose e dicindo:

Deus, bendito a través de todo, bendíganos por Cristo en todo, para que todo nos sirva para o ben.

R/. Amén.

# EXPOSICIÓN E ADORACIÓN EUCARÍSTICA



## EXPOSICIÓN, ADORACIÓN E BENDICIÓN CO SANTÍSIMO SACRAMENTO

### A EXPOSICIÓN

O ministro ordinario da exposición do santísimo Sacramento é o sacerdote ou o diácono que, ao final da adoración, antes de reservar o Sacramento, bendí o pobo co mesmo Sacramento.

Se non hai sacerdote nin diácono, ou están lexitimamente impedidos, poden expoñer publicamente á adoración dos fieis a sagrada Eucaristía o acólito e tamén o ministro extraordinario da sagrada comunión ou outra persoa delegada polo Ordinario do lugar.

Todos estes poden facer a exposición abrindo o sagrario, ou tamén, se se xulga oportuno, poñendo o copón sobre o altar, ou poñendo a hostia na custodia. Ao final da adoración, gardan o Sacramento no sagrario. Non lles é lícito, con todo, dar a bendición co santísimo Sacramento.

Congregado o pobo, que pode entoar algún canto, se se xulga oportuno, o ministro achégase ao altar. Se o Sacramento non está reservado no altar en que se vai ter a exposición, o ministro, cuberto co umeral, trasládalo desde o lugar da reserva, acompañándoo algúns axudantes ou algúns fieis con cirios acesos.

Póñase o copón ou a custodia sobre a mesa do altar cuberta cun mantel. Pero se a exposición se alonga durante un tempo prolongado, e se fai coa custodia, pódese utilizar o trono ou expositor, situado nun lugar máis elevado; pero evítese que estea demasiado alto e distante.

Exposto o santísimo Sacramento, se se emprega a custodia, o ministro incensa o Sacramento. Despois disto, se a adoración se prolonga durante un tempo bastante longo, pode retirarse.

Se se trata da exposición solemne e prolongada, conságrese na Misa que preceda inmediatamente á exposición a hostia, que se ha de expoñer á adoración, e póñase na custodia sobre o altar despois da comunión. Entón a Misa concluirá coa oración despois da comunión, omitíndose o rito de despedida; e, antes de retirarse, o sacerdote poña o Sacramento, se se xulga conveniente, sobre o trono ou expositor e incénseo.

## A ADORACIÓN

Durante a exposición, as preces, cantos e lecturas deben organizarse de maneira que os fieis, atentos á oración, se dediquen a Cristo, o Señor.

Para alimentar a oración íntima, fáganse lecturas da Sagrada Escritura con homilía, ou breves exhortacións, que leven a unha maior estima do misterio eucarístico. Convén tamén que os fieis respondan con cantos á Palabra de Deus. En momentos oportunos debe gardarse un silencio sagrado. Tamén, cando se faga oración persoal ante o Santísimo, pódense empregar as oracións himnos, súplicas e os textos da Sagrada Escritura propostos.

Ante o santísimo Sacramento, exposto durante un tempo prolongado, pode celebrarse tamén algunha parte da Liturxia das Horas, especialmente as Horas principais; polo seu medio, as loas e accións de grazas que se tributan a Deus na celebración da Eucaristía ampliáanse ás diferentes horas do día, e as súplicas da Igrexa diríxense a Cristo e por El ao Pai en nome de todo o mundo.

### A. Himnos e oracións ante o Santísimo

Mentres se canta o himno, o sacerdote incensa o Santísimo

#### I.

Oh, Sagrado convite no que Cristo se dá en comida  
memorial da súa Pascua, manancial de graza,  
pan da gloria futura que nos enche de vida.

Quen come o teu Corpo, contigo estará,  
quen bebe o teu Sangue, nunca morrerá.  
Quen come o teu Corpo, pode camiñar,  
quen bebe o teu Sangue, vivirá.

Pan de vida eterna, misterio de fe,  
signo de unidade e de fraternidade.  
Memorial da Pascua, pan de Redención,  
que todo o renovas polo amor.

#### II.

Salve, Santo Sacramento,  
medicina e alimento,  
corpo e sangue non finxidos  
que a Palabra en si tomou,  
de María recibidos,  
e na cruz nos entregou.

En Ti temos a Alianza  
sen igual nin semellanza,  
que nos une en amizade  
estreitísima con Deus  
e sustenta a irmandade  
dos que fixo fillos teus.

Es a vida para o home  
que na paz de Deus te come.  
Es promesa do futuro  
gran banquete, e fiel Señor.  
Es sinal certo e seguro  
da presenza do Señor.

Es misterio saudable,  
portentoso e admirable;  
don de si que, en pan e viño,  
Xesucristo aos crentes lles fai,  
para andarmos o camiño  
cara ao Reino de Deus Pai.

Gloria, bendición e loa  
ao Pai que este don nos doa,  
ao seu Fillo benquerido  
bendición, gloria e honor,  
e parello honor cumprido  
ao Espírito de amor.

#### III.

Quen come este pan vivirá para sempre,  
quen come este pan non morrerá.  
Dános sempre, Señor, dános sempre ese pan.

Xesucristo, Pan de vida e auténtico maná,  
ouve á Igrexa que che pide: “Dános sempre dese Pan”.

Traballamos e pedimos o pan noso cotián,  
mais en Ti achamos sempre outro que aproveita máis.

Sobre o pan e sobre o viño bendicimos a Deus Pai  
con sincera acción de grazas pola vida que nos dá.

A bebida do teu cáliz e a comida do teu pan  
dannos unha vida nova que non fina endexamais.

#### IV.

Pan do ceo, pan de vida,  
no que Cristo está presente.  
O que come deste pan  
vivirá eternamente.

Que se acheguen os famentos de verdade e de xustiza  
e atoparán a fartura na mesa da Eucaristía.

Os que sentides a sede dos sedentos de auga viva  
vinde beber xubilosos da fonte da Eucaristía.

O banquete do Señor é unha mesa de irmandade  
ao que todos vimos ledos cantándolle á liberdade.

Achegádevos a min os anguriados da vida.  
Eu heivos de confortar e enchereivos de alegría.

“Vós sodes o sal da terra, vós sodes a luz do mundo,  
permaneced comigo para dar froito dabondo”.

“Xa non vos chamarei servos, heivos de chamar amigos.  
Gardando as miñas palabras seredes as miñas testemuñas.”

### B. Estación ao Santísimo

V/. Loada sexa o Santísimo Sacramento do altar.

R/. Sexa por sempre bendito e loado.

Noso Pai...

Ave María...

Gloria...

V/. Polas intencións do papa, do noso bispo, da Igrexa en Ourense

Noso Pai...

Ave María...

Gloria...

### C. Acollda da Palabra de Deus

Escoller algúns destes textos da Sacra Escritura, lelos amodo e, en silencio meditativo, orar con eles diante do santísimo Sacramento. O sacerdote ou o diácono poden facer unha breve homilía que axude á oración persoal e comunitaria.

Mc 14, 22-26

Mentres estaban a comer, Xesús colleu pan, deu grazas, partiuno e déullelo, dicindo: -Tomade, isto é o meu corpo. E collendo unha copa, dando grazas, pasóullela, e todos beberon dela. E díxolles: -Isto é o sangue da Alianza, vertido por todos. Asegúrovos que xa non volverei beber do produto da viña ata o día que o beba, noviño, no Reino de Deus. Despois de cantaren os Salmos, saíron para o Monte das Oliveiras.

Lc 9, 13-17

Pero el replicoulles: -Dádelles vós de comer. Eles contestaron: -Pero ¡se non temos máis ca cinco bolos de pan e mais dous peixes! A non ser que vaíamos nós mercar mantenza para toda esta xente. Eran uns cinco mil homes. Mais el díxolles aos seus discípulos: -Colocádeos en grupos de cincuenta. Dixéronllelo, e sentaron todos. El colleu os cinco bolos e mais os dous peixes, ergueu a vista ao ceo, bendiciunos, partiunos e déullelos aos discípulos, para que llos servisen á xente. Comeron todos a fartar, e coas sobras encheron aínda doce cestas.

Lc 24, 28-32

O entraren na aldea onde ían, fixo coma quen quería seguir para adiante. Pero eles porfiáronlle, dicindo: -Queda connosco, porque se fai tarde, e a noite bótase enriba. Quedou con eles. E mentres estaban na mesa, colleu o pan, bendiciuno e partiuno e déullelo. Entón abríronselles os ollos e recoñecérono; pero el desapareceu. E dixeron: -¿Non ardía o noso corazón, cando nos falaba polo camiño, interpretándonos as Escrituras?

Jn 6,48-51

Eu son o pan da vida. Os vosos pais comeron o maná no deserto, pero morreron. Este é o pan que baixa do ceo, para que quen coma del non morra. Eu son o pan vivo que baixou do ceo: se alguén come deste pan, vivirá para sempre; e o pan que eu darei, é a miña carne, para a vida do mundo.

Jn 6, 53-58

Díxolles entón Xesús: -Con toda verdade volo aseguro: se non comedes a carne do Fillo do Home e non bebedes o seu sangue, non teredes vida en vós. Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, ten vida eterna, e eu resucitareino no derradeiro día. Pois a miña carne é verdadeira comida e o meu sangue é verdadeira bebida. Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, permanece en min e eu nel. Así coma o Pai, que me mandou, vive e eu vivo polo Pai, así tamén quen me coma vivirá por min. Este é o pan que baixou do ceo; non coma o que comeron os pais que mesmo así morreron: quen come este pan, vivirá para sempre.

Hch 2, 42-47

Eran perseverantes en escoitar a ensinanza dos apóstolos, na comunión da vida, no rito de partiren o pan, e nas oracións. Apoderouse de todos o respecto, pois os apóstolos facían moitas marabillas e sinais. Todos os crentes vivían unidos e tiñan todo en común: vendían os seus bens e propiedades, e repartíanos entre eles, conforme ás necesidades de cada un. Todos a unha asistían diariamente ao templo, partían o pan nas casas, comendo con alegría e sinxeleza de corazón; loaban

a Deus, e eran ben vistos por todo o pobo. Cada día o Señor aumentaba o número dos salvos e xuntábaos ao grupo.

1 Cor, 10, 15-17

Fálovos como se lle fala á xente asisada: xulgade vós mesmos o que digo. A copa da bendición que bendicimos, non é unha comunión co sangue de Cristo? O pan que partimos, non é unha comunión co corpo de Cristo? E como hai un único pan, tamén nós, sendo moitos, formamos un único corpo, porque todos participamos dese único pan.

#### D. Comunión espiritual

Creo, meu Xesús,  
que estades realmente presente no Santísimo Sacramento do Altar.  
Ámovos sobre todas as cousas  
e desexo recibirvos na miña alma.  
Pero como agora non podo recibirvos sacramentado,  
vide ao menos espiritualmente ao meu corazón.  
E coma se xa vos recibise,  
abrázovos e únome de todo a ti.  
Señor, non permitas que xamais  
me afaste de Ti. Amén.

Aos vosos pés, meu Xesús,  
próstromme e ofrézovos  
o arrepentimento do meu corazón contrito,  
que se afunde no nada diante da vosa santísima presenza.  
Eu adórovos no Sacramento do voso amor,  
a inefable Eucaristía,  
e desexo recibirvos na pobre morada  
que vos ofrece a miña alma.  
Esperando a felicidade da comunión sacramental,  
eu quero posuírvos en espírito.  
Vide a min, debido a que eu vou a Vos,  
oh, Xesús meu,  
e que o voso amor inflame todo o meu  
ser na vida e na morte. Amén.

#### Oracións varias

Quero estar preto de ti.  
- Señor, aumenta a miña fe.  
Quero escoitar a túa Palabra.  
- Señor, aumenta a miña fe.

Quero confiar en ti.  
- Señor, aumenta a miña fe.  
Quero disipar as miñas dúbidas.  
- Señor, aumenta a miña fe.  
Quero superar os meus medos.  
- Señor, aumenta a miña fe.  
Quero seguir os teus pasos.  
- Señor, aumenta a miña fe.  
Quero ser a túa testemuña.  
- Señor, aumenta a miña fe.

Para que aprenda a perdoar.  
- Señor, aumenta o meu amor.  
Para que saiba compartir.  
- Señor, aumenta o meu amor.  
Para que me afaga a lavar os pés.  
- Señor, aumenta o meu amor.  
Para que lle tenda a man ao irmán.  
- Señor, aumenta o meu amor.  
Para que poida cargar o irmán.  
- Señor, aumenta o meu amor.  
Para que chegue a ser Eucaristía.  
- Señor, aumenta o meu amor.  
Para que aprenda a amar coma Ti.  
- Señor, aumenta o meu amor.  
Polas túas palabras de vida.  
- Dámosche grazas, Señor.  
Por facerte o noso servidor.  
- Dámosche grazas, Señor.  
Por facerte o noso Mestre no amor.  
- Dámosche grazas, Señor.  
Polo pan e viño da Eucaristía.  
- Dámosche grazas, Señor.  
Polo teu amor ata a morte.  
- Dámosche grazas, Señor.  
Pola túa presenza permanente.  
- Dámosche grazas, Señor.  
Pola forza da túa Resurrección.  
- Dámosche grazas, Señor.  
Polo Alento do teu Espírito.  
- Dámosche grazas, Señor.

Tamén se poden usar os actos de fe, esperanza e caridade recollidos na sección de oracións do cristián (pp...)

## Súplicas e intercesións

Responderemos: *Dáños o pan de cada día!*

Polos famentos de paz e de xustiza.

*R/ Dáños o pan de cada día!*

Polos marxinados e esquecidos.

*R/ Dáños o pan de cada día!*

Polos que buscan traballo digno e non o atopan.

*R/ Dáños o pan de cada día!*

Polos que soñan e traballan por alcanzar un mundo máis xusto e fraterno.

*R/ Dáños o pan de cada día!*

Polos que son compasivos coa dor dos pobres e enfermos.

*R/ Dáños o pan de cada día!*

Polos calumniados e perseguidos por mor da verdade.

*R/ Dáños o pan de cada día!*

Pola nosa Igrexa diocesana, polas súas parroquias e comunidades.

*R/ Dáños o pan de cada día!*

Polos sacerdotes e relixiosos que entregan a súa vida polo Evanxeo.

*R/ Dáños o pan de cada día!*

Por todos os misioneiros que anuncian a túa Palabra.

*R/ Dáños o pan de cada día!*

Por todos os fieis laicos testemuñas do Evanxeo.

*R/ Dáños o pan de cada día!*

Polas familias, especialmente polas que máis sofren.

*R/ Dáños o pan de cada día!*

Polas vocacións ao sacerdocio, á vida consagrada, misioneira e matrimonial.

*R/ Dáños o pan de cada día!*

Señor, que nos dás a túa Palabra e a túa Eucaristía.

*R/ Dáños o pan de cada día!*

Responderemos: *Perdóanos, Señor!*

Polos causantes de toda forma de violencia.

*R/ Perdóanos, Señor!*

Polos que se refuxian no egoísmo e a indiferenza.

*R/ Perdóanos Señor!*

Polos que non respectan o dereito á vida.

*R/ Perdóanos, Señor!*

Polos que viven escravizados na corrupción e a mentira.

*R/ Perdóanos, Señor!*

Polos que promoven a inxustiza e a impunidade.

*R/ Perdóanos, Señor!*

Polos cristiáns mornos e mediocres que non toman en serio o Evanxeo.

*R/ Perdóanos, Señor!*

Polo escándalo que poidan provocar os sacerdotes e consagrados.

*R/ Perdóanos, Señor!*

Polos incrédulos que perderon a esperanza.

*R/ Perdóanos, Señor!*

## A BENDICIÓN

Cara ao final da adoración, o sacerdote ou diácono achégase ao altar, fai unha xenuflexión e axeónllase, e cántase un himno ou outro canto eucarístico. Mentres tanto, o ministro, axeonllado, incensa o santísimo Sacramento, cando a exposición teña lugar coa custodia.

Logo levántase e di:

*V/. Décheslles pan do ceo (TP Aleluia).*

*R/. Que contén en si todo deleite (TP Aleluia).*

## A continuación

Oremos.



Faise unha breve pausa en silencio, e o ministro prosegue:

Deus, neste sacramento admirable  
deixáchesnos o memorial da túa paixón.  
Concédenos venerar o santo misterio  
do teu Corpo e do teu Sangue,  
de xeito que sintamos en nós  
o froito da túa redención.  
Ti noso Señor e Deus, que vives e reinas co Pai.

Todos responden:

Amén.

### Outras oracións

Concédenos, Señor e Deus noso,  
aos que cremos e proclamamos que Xesucristo,  
o mesmo que por nós naceu da Virxe María e morreu na cruz,  
está presente no Sacramento,  
bebamos desta divina fonte o don da salvación eterna.  
Por Xesucristo, noso Señor.

Oh, Deus, que nos deches o verdadeiro pan do ceo,  
concédenos, rogámosche, que,  
coa forza deste alimento espiritual,  
sempre vivamos en ti  
e resucitemos gloriosos no último día.  
Por Xesucristo, noso Señor.

Ilumina, Señor, coa luz da fe os nosos corazóns  
e abrásaos co lume da caridade,  
para que adoremos confiadamente en espírito e en verdade  
a quen recoñecemos neste Sacramento como o noso Deus e Señor.  
El, que vive e reina por sempre, eternamente.

Dita a oración, o sacerdote ou diácono, tomando o umeral, fai unha xenuflexión,  
toma a custodia ou copón e fai [coa unha ou co outro] en silencio o sinal da cruz  
sobre o pobo.

A continuación rezamos unha das dúas opcións:

#### Opción 1

Bendito sexa Deus.  
Bendito sexa o seu santo Nome.  
Bendito sexa Xesucristo, verdadeiro Deus e verdadeiro home.  
Bendito sexa o nome de Xesús.

Bendito sexa o seu Sacratísimo Corazón.  
Bendito sexa o seu Preciosísimo Sangue.  
Bendito sexa Xesús no Santísimo Sacramento do altar.  
Bendito sexa o Espírito Santo consolador.  
Bendita sexa a excelsa Nai de Deus, María Santísima.  
Bendita sexa a súa Santa e Inmaculada Concepción.  
Bendita sexa a súa gloriosa Asunción.  
Bendito sexa o nome de María, Virxe e Nai.  
Bendito sexa San Xosé, o seu castísimo esposo.  
Bendito sexa Deus nos seus anxos e nos seus santos

#### Opción 2

Alma de Cristo, *santifícame*.  
Corpo de Cristo, *sálvame*.  
Sangue de Cristo, *embriágame*.  
Auga do costado de Cristo, *lávame*.  
Paixón de Cristo, *confórtame*.  
Oh, bo Xesús!, *óeme*.  
Dentro das túas chagas, *escóndeme*.  
Non permitas *que me afaste de Ti*.  
Do maligno inimigo, *deféndeme*.  
Na hora da miña morte, *chámame*.  
E mándame ir a ti, *para que cos teus santos te loe e te bendiga*  
*polos séculos dos séculos*. Amén.

#### A RESERVA

Acabada a bendición, o mesmo sacerdote ou diácono que deu a bendición, ou outro sacerdote ou diácono, reserva o Sacramento no sagrario e fai unha xenuflexión, mentres o pobo, se se xulga oportuno, fai algunha aclamación, e finalmente o ministro retírase.

Mentres ten lugar a reserva, pódense cantar algúns dos himnos anteriormente indicados.

